

# Imaxes lucenses: Lugo no cine documental<sup>1</sup>

---

Fernando Arribas Arias

**Resumo:** unha aproximación á historia do documental ambientado en Lugo e a súa provincia é o que se pretende neste artigo, no que se inclúen tamén os filmes realizados sobre persoeiros ilustres desta terra. Non se trata dunha relación exhaustiva e pechada, senón dunha primeira achega á presenza de Lugo e ás súas xentes no mundo do audiovisual, comezando nos primeiros tempos do cinematógrafo ata os actuais formatos televisivos, nun período que se estende dende 1914 ata os nosos días.

**Resumen:** *Una aproximación a la historia del documental ambientado en Lugo y su provincial es lo que se pretende en este artículo, en el que se incluyen también los filmes realizados sobre personajes ilustres de esta tierra. No se trata de una relación exhaustiva y cerrada, sino de una primera aportación a la presencia de Lugo y sus gentes al mundo del audiovisual, comenzando en los primeros tiempos del cinematógrafo hasta los actuales formatos televisivos, en un período que se extiende desde 1914 hasta nuestros días.*

**Abstract:** *The aim of this article is an approach to documentary films set in Lugo province, including also films about famous people of this land. This is not an exhaustive and closed article but is a first contribution to the presence of Lugo and its people to the broadcast world, beginning with the early days of cinema to the current television formats, over a period extending from 1914 to our days.*

## Introdución

Nos comezos do cinema, as filmacións que realizan os operadores limitáanse a recoller imaxes de todo tipo de acontecementos, por moi banais que hoxe nos poidan parecer. Como exemplo disto podemos citar as primeiras películas dos irmáns Lumière:

---

<sup>1</sup> Quixera expresar o meu agradecemento a Ricardo Fernández de la Torre, Ramón Rubio, Xulio Xiz Ramil, Ernesto Sánchez Pombo, Benigno Sánchez García, M<sup>a</sup> Jesús López Elvira, Cristina Bernáldez, Guillermo Escrigas e a Chema Rodríguez Armada pola súa inestimable axuda para a elaboración deste traballo, así como tamén a Anna López López e Montse González Álvarez.

*Chegada dun tren, Saída da fábrica, etc.*, agás *El regador regado*, quizais a primeira película de “argumento” da historia da sétima arte. Esta práctica pode facerse extensible a todos os países, Galicia incluída, de xeito de que podemos afirmar que a reportaxe ou documental constitúen o primeiro xénero cinematográfico e case o único ata que Meliés descubre outras posibilidades para este novo invento.

*Salida de misa de doce del Pilar de Zaragoza*, obra de Eduardo Gimeno Peromarta e do seu fillo Eduardo Gimeno Correos, foi considerada durante anos como a primeira película, e tamén, o primeiro documental, filmado no Estado español. Pero, grazas ás investigacións desenvoltas por José Luís Castro de Paz, José M.<sup>a</sup> Folgar de la Calle e Jon Letamendi, a mediados dos anos noventa do pasado século, hoxe sabemos que esta honra lle corresponde a José Sellier Loup, fotógrafo francés afincado na Coruña, autor do *Enterro do Xeral Sánchez Bregua*, película filmada o 20 de xuño de 1897 na rúa Real da cidade herculina.

### Lugo, escenario dos primeiros documentais

Polo que respecta á nosa cidade, a primeira nova que temos da rodaxe dun documental en Lugo remóntase ao ano 1913, cando a acreditada *Casa Pathé* solicita un posto no denominado *Tren de la Alegría* que, o día 3 de agosto do devandito ano ,conduciría a cincocentos excursionistas madrileños ás festas da Coruña. Esta casa propoñíase impresionar varias películas desta viaxe, particularmente as da chegada ás estacións de Monforte, Lugo, Betanzos e A Coruña. Non obstante, na prensa local non se fai eco de ningunha filmación durante esta xornada na estación lucense.

Un ano despois, o polifacético José Gil y Gil, na súa segunda visita a Lugo, realiza na mañá do domingo 16 de agosto unhas tomas do paseo nos Cantóns e da saída da misa de doce da catedral. Pola tarde, filma o paseo da muralla e varios lugares das ribeiras do Miño.

Non parece tampouco que estas rodaxes provocasen moita expectación entre os lucenses, a vulgar pola ausencia de comentarios na prensa. Soamente *El Progreso* informa ó día seguinte que o traballo cinematográfico de Gil

“entretuvo un rato a las gentes...”<sup>2</sup>

Pola contra, a revista *Vida Gallega*, da que José Gil era reporteiro gráfico, publica en maio de 1922 unha fotografía na que se pode ver a este pioneiro da cinematografía galega subido a un Ford, en compañía de outras catro persoas, filmando a Catedral dende a Muralla.

<sup>2</sup> ARRIBAS ARIAS, Fernando. “José Gil, pioneiro da cinematografía galega, en Lugo”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, tomo V, 1992. páx. 139.



Estaba previsto que esta película se proxectase no Lugo-Salón, pero non foi así. Que nós saibamos, endexamais chegou a estrearse en Lugo e o seu paradiroiro é hoxe unha incógnita. Probablemente, como outras moitas producións de Gil, este filme perdeuse e hoxe só podemos lamentar a desaparición dun excepcional documento gráfico, o primeiro realizado da nosa cidade a comezos do século XX.

A finais de xuño de 1916, en sesións celebradas ás sete e media e dez e media, debuta no Lugo-Salón a *Troupe Caro as Charlot*<sup>3</sup>. Nos dous días que permanece na cidade, onde acadou un gran éxito, preséntalle ao público lucense

“... cuatro extraordinarios números de la mayor atracción, entre ellos el del prestigioso artista de al casa Estuden Films, reciente atracción del Circo Pharis de Madrid con sus admirables y originalísimos trabajos y presentando una de sus hermosas películas.”<sup>4</sup>

Era tamén intención desta *Troupe* impresionar unha película a súa chegada a Lugo, pero as adversas condicións climatolóxicas impediron a filmación, que se pospuxo para o día 28, a unha do mediodía, na Praza Maior.

“para que pueda ser más adelante expuesta en este salón y completar la magnífica colección que viene adquiriendo en su ‘tourné.’”<sup>5</sup>

<sup>3</sup> Cómpre dicir, para evitar malos entendidos, que a raíz do éxito de Charles Chaplin, xurdiron unha serie de imitadores que, sen ningún tipo de escrúpulos e realizando unha publicidade enganosa, plaxiaban o gran cómico inglés para facer rendibles os seus espectáculos ambulantes. Un destes imitadores era a compañía á que acabamos de referirnos.

<sup>4</sup> *El Progreso*, 28 de xuño de 1916

<sup>5</sup> *El Progreso*, 28 de xuño de 1916

Se realmente chegou a impresionar unha película na praza Maior, a súa proxección pasou totalmente inadvertida porque, que nós saibamos, a prensa da época non fixo ningún comentario ao respecto.

En 1919, a sociedade *Galicia Films*<sup>6</sup> prepara un proxecto para realizar unha película sobre Galicia co obxecto de fomentar o turismo nesta comunidade. Esta iniciativa é moi eloxiada por *El Progreso*, pois para este xornal o filme servirá

“para que la región sea conocida por quienes desconociéndola hablan de ella con manifiesta injusticia, y para que la ciudad de Lugo, “la calumniada”, tenga fuera de nuestras murallas el predicamento a que se hace acreedora.”<sup>7</sup>

Desta película non volvemos a ter novas ata o ano 1929, co gallo da súa proxección no Teatro Círculo das Artes o día 16 de xaneiro. Na prensa dise que inclúe “notas de Lugo”.

## Os anos vinte

*Vivero y su comarca* é o título da película impresionada a finais de agosto de 1920 por un operador da *Casa Pathé* na cidade do Landro. O filme, con destino aos emigrantes viveirenses en América,

“...consta de siete partes en las cuales se recogen notas muy interesantes de las fiestas de Vivero, Orol y Cervo, la Playa de San Juan de Cobas, algunos detalles de la ciudad y sus costumbres, la industria de salazón de sardinas en Cillero y panoramas de la comarca cuya belleza es indiscutible...”<sup>8</sup>

A película, propiedade do Sr. Cociña de Viveiro, foi estreada no Círculo das Artes o 28 de novembro con gran éxito de público.

Ademais desta película, dentro do cine documental e de reportaxe dos anos vinte realizado en Galicia destacaremos, no que a Lugo se refire, dous títulos: *Un viaje por Asturias y Galicia* e *Un viaje por Galicia*. O primeiro estaba producido pola *Celta Film*, empresa detrás da que se atopaban Higinio Troncoso, Carlos Reguengo e Antonio Rey Soto, aos que tamén se lles asocia o poderoso exhibidor Antonio Méndez Laserna coa achega dun importante capital. *Un viaje por Asturias y Galicia*, do ano 1923, é o segundo traballo cinematográfico desta produtora (o primeiro foi *Los*

<sup>6</sup> *Galicia Films* foi unha empresa fundada en 1919 por José Gil e Fausto Otero que tiña por obxecto producir películas para os emigrantes galegos en América e realizar reportaxes de tipo familiar e publicitarias.

<sup>7</sup> *El Progreso*, 29 de marzo de 1919. Cómpre dicir que detrás de Galicia Films estaban Fausto Otero e José Gil

<sup>8</sup> *El Progreso*, 30 de novembro de 1920. Véxase Arribas Arias, Fernando. *O cine en Lugo. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Edicións Xerais, 1996. páx. 61.

*defensores de la patria*, cinta que recolle a chegada ao porto de Vigo do Rexemento de Murcia procedente do norte de África). O seu operador é Luís Rodríguez Alonso<sup>9</sup> e recolle diversas imaxes das devanditas comunidades co obxecto de

“...ilustrar a serie de conferencias que o escritor, crego e gran viaxeiro Rey Soto ía a impartir en América Latina.”<sup>10</sup>

A pesar da boa acollida por parte dalgúns medios (*La Voz de Galicia*, 20-III-1923) a película non tivo o éxito esperado entre o público destinatario.<sup>11</sup>

Lamentablemente non se conserva ningunha copia deste filme, polo que descoñecemos as imaxes que contiña da provincia de Lugo, pero non queremos deixar de citar este importante documental, referencia obrigada do cine galego desta década.

A película *Un viaje por Galicia*, dirixida en 1929 por Luís Rodríguez Alonso, estaba destinada a servir como medio de propaganda turística no pavillón de Galicia da Exposición Iberoamericana de Sevilla. Para a súa realización, o responsable deste pavillón, o pintor Francisco Llorens (amigo persoal de Alonso), conta coa axuda económica das catro deputacións galegas, entidades que se deciden por esta opción en vez de apoiar a *Galicia Cinegráfica*<sup>12</sup>, propiedade de José Gil y Gil, a pesar de que este o solicitara con anterioridade e cunha mellor oferta económica, ademais de ter maior experiencia neste tipo de reportaxes.

Esta decisión é criticada por *El Pueblo Gallego*, xornal que lamenta a falta de apoio institucional á industria galega en beneficio da allea, o que equivale

<sup>9</sup> Operador e director palentino procedente do mundo da fotografía. Comeza a súa actividade profesional como debuxante e redactor gráfico de *La Esfera*, para despois traballar como fotógrafo xunto con Julio Roesset e Giovanni Doria. Participa como operador en varias películas de Florián Rey e José Buschs para, a partir de 1925, dedicarse á dirección. En Galicia desenvolve tamén esta dobre faceta e realiza como operador *Un viaje por Asturias y Galicia* e *La Virgen de Cristal* (esta última dos lucenses Manuel e Saturno Lois Piñeiro) e, como director, *Un viaje por Galicia*.

<sup>10</sup> NOGUEIRA, Xosé. *O cine en Galicia*. Vigo: Edicións A Nosa Terra, 1997. páx. 106.

<sup>11</sup> Pese a este fracaso, Celta Fim, en coprodución con Ernesto González de Madrid, leva adiante *Maruxa* (1923) para, un ano despois, volver ao cine documental con Galicia, reportaxe de seis partes sobre aspectos turísticos da nosa terra e no que se recolle “todo lo notable, artístico, bello y emocionante que guarda nuestro suelo tan encantador.” García Fernández, Emilio. *Diccionario Filmográfico de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura, 1993. páx. 149.

<sup>12</sup> Empresa fundada por José Gil na segunda metade dos anos vinte, unha vez recuperado das fortes adversidades familiares e empresariais (morte das súas fillas, perda da concesión de automóbiles Ford, etc). Establecido novamente en Vigo en 1927, Gil vai desenvolver unha intensa actividade cinematográfica con filmacións de todo tipo que van dende as encargas familiares e institucionais (*Galicia y Buenos Aires*, por encarga dos fillos de Fornelos da Ribeira) ata películas publicitarias (*Notas industriales y comerciales de Vigo, Galicia y sus balnearios...*) pasando por documentais como *Los Reyes en Galicia* (1927), un dos seus maiores éxitos. Ademais Gil realiza un *Noticario de Galicia* con novas da actualidade galega que se distribúe gratuitamente a todos os cines que o solicitan. Deste noticario, centrado fundamentalmente es aspectos da vida da provincia de Pontevedra, chegaron a facerse once números, se ben non temos constancia da presenza de imaxes da nosa provincia nalgúns deles. En 1935 *Galicia Cinegráfica* desaparece como resultado dun declive comezado tres anos antes ao que non foron alleos a competencia da Casa Folk, a implantación do sonoro e os problemas de distribución.



“a entregar nuestra propaganda y muchas veces el propio decoro a la interesada conveniencia de elementos foráneos y quizás adversos.”<sup>13</sup>

*Un viaje por Galicia* é unha longametraxe documental de 3.246 metros. Consta de dez rolos: dous dedicados á provincia da Coruña, un a Santiago de Compostela, tres a Pontevedra e dous a Ourense. Polo que respecta a Lugo, os dous primeiros que conforman este filme están dedicados á nosa provincia. No acordo da Deputación lucense, confíaselles aos Sres. D. Ramón Lamela e D. Manuel Amor Meilán,

“..la misión de dirigir juntos o separadamente, según mejor convenga, acompañando al operador y eligiendo los lugares más adecuados para la realización del trabajo cinematográfico, reservándose para esta provincia, cuando menos, quinientos metros de cinta.”<sup>14</sup>

Os lugares da provincia de Lugo que aparecen na primeira parte deste filme son: Pedrafita (imaxes das pallozas e da igrexa), As Nogais (castelo de Doncos), Becerreá (ponte de Cruzul), Sarria (torre dos Batallóns, vista xeral do Val do Mao, igrexa dos Mercedarios), Samos (mosteiro de San Xiao), Monforte de Lemos (con vistas do río Cabe e da ponte vella, así como tamén dunha panorámica da cidade, do mosteiro de San Vicente do Pino e do Castelo), de Pantón (castelo de Maside), de Chantada (cruceiro de Vilela, ferverza de Tarrío, ponte e caserío de Belesar), Palas de Rei (castelo de Pambre e Meixaboi). A segunda parte está dedicada a Lugo (con vistas da Muralla, da praza do Campo, dos xardíns de San Roque, da Casa do Concello, da catedral, da praza de San Domingos, da rúa do bispo Aguirre, da praza Maior, do Campo Castelo, do Claustro de San Francisco, da rúa da Raíña, do balneario, do río Miño e do barrio da Ponte, do viaduto da Chanca, da Deputación e do parque de Rosalía de Castro),

de Vilalba (torre da homenaxe), Mondoñedo (catedral), Lourenzá (mosteiro de San Salvador), Viveiro (ponte da Misericordia, Celeiro, Chavín, praia de Covas) e Rio-barba, o actual Vicedo (con imaxes da ponte metálica e duns muíños de vento).

Proxectado o material sen montar a comezos de decembro de 1929 para un grupo reducido de persoas, entre as que se atopaban os promotores da iniciativa, a película non resposta ás expectativas e a prensa crítica a súa excesiva metraxe, cunha duración non axeitada para unha visita rápida ao pavillón dunha exposición, ademais de contar con “demasiada arquitectura y demasiado paisaje”<sup>15</sup>, tanto que acaba por cansar o espectador. Para colmo, algúns días depois morre Luís Rodríguez Alonso e a película queda sen montar, ata que “un grupo de escritores y artistas” a ordena a xeito dunha hipotética viaxe por Galicia entrando por Pedrafita e saíndo por Valdeorras. Co título *Galicia*, estréase o 22 de febreiro de 1932 en Pontevedra e, posteriormente, na Coruña. Os comentarios da prensa non foron tamén nesta ocasión favorables e, nunha época en que triunfa o cine sonoro, unha película muda non constituía un bo reclamo publicitario. Así, *Un viaje por Galicia*, permanece esquecida ata que, despois de pasar á Filmoteca Nacional, foi restaurada por Manuel González, José Luís Cabo Villaverde e Alfonso del Amo en 1991. Recuperouse así un filme de gran valor documental, pero escaso no que a realización se refire, que contén as imaxes máis antigas que se conservan da cidade de Lugo e da súa provincia. A pesar da súa monotonía, que se fai tediosa nalgúns momentos pola pobreza da linguaxe fílmica, *Un viaje por Galicia* constitúe un excepcional documento gráfico da nosa terra a finais dos anos vinte. No que á Lugo atinxe, son as imaxes máis antigas conservadas desta cidade nas que podemos ver o bulir das xentes e os seus principais monumentos. Cómpre destacar a importancia dalgúns planos da provincia que recollen lugares e construcións hoxe desaparecidas, como poden ser a ponte e o casarío de Belesar e os muíños de vento do Vicedo.

## Os anos trinta

No aspecto documental, o panorama cinematográfico galego dos anos trinta sobresaen *Galicia Cinegráfica*, *Vicus Films*<sup>16</sup> e a *Casa Folk*. Esta última produtora fundárase en xullo de 1932 polos irmáns Barreiro Vázquez (Enrique e Ramón), fotógrafos que van converter o cine na súa principal actividade profesional. Dedicados fundamentalmente ao documental, Enrique Barreiro, pioneiro na experimentación do cine en cor a mediados dos anos vinte, xa demostrara as súas dotes neste eido como realizador en

<sup>15</sup> *La Voz de Galicia*, 6 de decembro de 1929

<sup>16</sup> *Vicus Films*, produtora fundada en 1929 en Vigo. Durante a súa efémera existencia (desaparece polo ano 1931) realiza un noticiario, do que se chegaron a facer cando menos 15 números e unha comedia *La tragedia de Xirobio*, dirixida por José Signo e baseada nun conto de *Cousas da Vida* de Castelao.

<sup>13</sup> *El Pueblo Gallego*, 6 de xullo de 1929

<sup>14</sup> Acta da Sesión da Comisión Provincial da Deputación de Lugo do 27 de xuño de 1929





Pontevedra, berce de Colón, estreado en 1927 no Teatro Principal da cidade do Lérez. A súa intención é a elaboración dun noticiario periódico que recolla

“nuestras constumbres, las rutas de turismo, las gestas deportivas, las fiestas aldeanas y de las villas y ciudades, las notas de actualidad... cuanto es el vivir cotidiano de la tierra celta.”

O primeiro deles estréase o 1 de outubro de 1932, sendo tamén do mesmo ano outro no que un dos apartados está dedicado ás *Festas de Lugo*. Lamentablemente descoñecemos o seu paradiro, pero sospeitamos que as imaxes incluídas eran do Corpus ou do San Froilán, por ser estes os principais acontecementos lúdicos da capital da provincia<sup>17</sup>.

De *Vicus Films é Galicia histórica monumental* (1930) que supoñemos contiña imaxes de Lugo.

De 1935 é *Homenaje al Regimiento nº 12 en Lugo*, producido pola Casa Fox. Recolle os actos realizados o sábado 12 de outubro ao devandito Rexemento nos cantóns da praza da República. Lamentablemente este filme non se conserva, pero pola prensa da época sabemos que a este acto asistiu todo o persoal do Rexemento presente na cidade, agás o estritamente indispensable para as gardas e servizos internos do cuartel.

<sup>17</sup> Posteriormente, en 1933 a *Casa Folk* presenta *Hacia una Galicia mejor*/Por unha Galicia nova, con financiación do Partido Galeguista e, un ano despois, esta produtora filma os traballos de campo nas terras do Deza do Seminario de Estudos Galegos, aos que lles seguirían outras reportaxes (*Una visita a la Escuela Nacional de Trabajo de Pontevedra...*) e unha película publicitaria sobre os automóviles Citroën. En 1935, comeza o seu declive, do que descoñecemos as causas, para desaparecer despois do alzamento militar ao ser Enrique Barreiro encarcerado na illa de San Simón.

A parada militar tivo lugar ás once e media da mañá, e nela participou un

“batallón con tres compañías y una de ametralladoras, sirviendo de base para la organización de aquéllas la primera, segunda y cuarta, cuyas plantillas se completarán con el personal de la tercera y el de Plana Mayor y secciones de O. y E. y Íde de transmisiones regimentales, agregándose el de la sección de máquinas de acompañamiento y tren de Cuerpo a la compañía de ametralladoras, la cual formará sin ganado ni material.”<sup>18</sup>

As forzas do Rexemento de Zaragoza, con bandeira, música e escuadra de gastadores, estaban ao mando do comandante Manso e as da Garda civil baixo as ordes do tenente Flores Meilán. A bandeira do 12 portábaa o tenente Joaquín Ordax Latas.

Despois de que o gobernador civil e o xefe do Rexemento pasaran revista ás tropas, efectuouse un desfile que foi presenciado por un enorme xentío que rompeu en ovacións ao paso da bandeira do Rexemento e das forzas da Garda civil.

O 6 de xuño de 1936, estréase nun aula do Instituto de Lugo o documental *Tierras de Galicia*. Dirixido polos catedráticos Filgueira Valverde e Font Tullot, recolle unha excursión dos alumnos de cuarto curso deste centro polo noso país. Realizado en 16 mm, esta película é máis que unha crónica gráfica da viaxe, pois segundo a prensa

“revela verdaderas posibilidades turísticas, extraordinarios monumentos de arte poco o nada aprovechados hasta ahora.”<sup>19</sup>

Interiores da fábrica de Brens, a cascada de Ézaro, o faro de Fisterra, as fontes de Santiago, as rúas de Pontevedra, o mar de Vigo, a ría de Corcubión, etc., son algúns dos escenarios escollidos. Tamén a vila de Mondoñedo figura neste documental, cualificado como o primeiro ensaio de cine educativo realizado en Galicia, que nos amosa unha faceta certamente descoñecida de Filgueira Valverde.

## As Festas de San Froilán no NO-DO

En 1940, e aproveitando uns días de veraneo nesta zona, Daniel Jorro<sup>20</sup> dirixe *Por tierras de Vivero*, producida por *Mérida Films*<sup>21</sup>, documental sobre esta localidade da Mariña Lguesa. Realizado en 16 mm, ten unha metrxaxe de 212 metros e unha duración de 17 minutos e 43 segundos. Versión muda en branco e negro, esta película amosa imaxes

<sup>18</sup> *El Progreso*, 12 de outubro de 1935

<sup>19</sup> *El Progreso*, 7 de xuño de 1936

<sup>20</sup> Daniel Jorro dirixe, anos despois, o documental *La Coruña y Santiago*

<sup>21</sup> Algún autor fala de Mérida Films, mentras que outros denominan a esta produtora Lenida Film

“Sobre Vivero e arredores. Faenas do mar, romaría, etc.”<sup>22</sup>

No NO-DO número 224 B, correspondente a 1947, recolle os solemnes actos levados a cabo na Real Abadía de Samos en memoria do Pai Feijóo<sup>23</sup>. Do mesmo ano é outro NO-DO no que figuran as imaxes máis antigas ata agora por nós coñecidas referidas ás festas patronais da capital da provincia. Este noticiario, número 253 B, que comeza cunha vista panorámica da cidade tomada dende a Tinería e da fachada da catedral, dedícalle unha boa parte da súa metrxaxe ao concurso de gando e aos traballos de artesanía, ademais de facerse eco dos premios do certame e das iluminacións nocturnas da casa consistorial e o templete da praza Maior. Non obstante, cómpre destacar que a primeira rodaxe de NO-DO na provincia de Lugo foi unha feira de gando en Becerreá no ano 1946<sup>24</sup>.

Cómpre destacar que o primeiro NO-DO, cunha lonxitude de 680 metros e do que se tiran cen copias, estreouse o 4 de xaneiro de 1943, como resultado dunha Disposición da Vicesecretaría de Educación Popular de 17 de decembro de 1942 que lle outorgaba o monopolio de produción e exhibición das novas cinematográficas nos cines do Estado español. Esta situación mantívose ata que a Orde do Ministerio de Información e Turismo de 22 de agosto de 1975 suprimiu a súa obrigatoriedade. A pesar desta medida, esta este noticiario prolongou a súa vida ata o 25 de maio de 1981, data na que aparece o número 1.966 B, que constitúe a súa última edición. Pero, ao longo da súa existencia, este noticiario que poñía “el mundo al alcance de todos los españoles”, chegou a producir

“tres series (A, B y C), con ediciones para Portugal, Brasil e Hispanoamérica, la revista Imágenes y numerosos documentales.”<sup>25</sup>

De 1948 son toda unha serie de documentais referidos á provincia de Lugo e producidos por Peñalara Films. Esta produtora madrileña, propiedade de Jesús Paz de Castaño, leva a cabo no devandito ano un intenso labor de rodaxe, centrado fundamentalmente na zona da mariña e co mesmo equipo técnico (do que forman parte Carlos Boué, José A. Durán e Luís Cayón). Froito deste inxente traballo son títulos como *Vivero*, *Semana Santa en Vivero*, *De paso por Mondoñedo*, *Mondoñedo*, *Estampas lucenses*, *Foz (puerto pesquero y de cabotaje)*, *Industrias lucenses*, *Ribadeo*, *Viajando por Galicia*, *San Ciprián*, *Monumentos lucenses*, etc., todas elas realizadas en 35 mm., en B/N e dunha curta duración.

<sup>22</sup> GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio. *Diccionario Filmográfico de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura, 1993 pág. 249

<sup>23</sup> Deste NO-DO váise realizar unha nova edición, esta vez en cor, en 1970 na *Revista Cinematográfica Española* número 1413 B, estreada o 2 de febreiro de 1970

<sup>24</sup> NO-DO número 203 – B. Son 38 metros

<sup>25</sup> Para maior información, véxase: Tranche, Rafael R. e Sánchez-Biosca, Vicente. *NO-DO, el tiempo y la memoria*. Madrid: Cátedra/Filmoteca Española, 2006. pág. 61.



Tamén de 1948 é a película *Riquezas Lucenses*, obra de Carlos Boué Pedregal, guionista e director de moitos dos traballos realizados por *Peñalara Films* na provincia de Lugo, actividade que compaxina coa de propietario de *Augustus Films*, produtora deste documental de 13,53 minutos de duración<sup>26</sup>. En realidade trátase dun filme promocional da empresa de Damián López “Dalo”, dedicada tanto á industria da madeira (tanto dende a súa corta no monte e a elaboración de puntais para a minería asturiana coma da súa manipulación no serradeiro para a obtención de táboas) como á conserveira. Non obstante a película, rodada fundamentalmente en Foz, destaca actualmente polo seu valor documental, xa que nos amosa varios exemplos dunha industria manufactureira e aínda moi artesanal (carpintería de ribeira, pesca do atún, etc.) da Mariña luguesa a finais dos anos corenta.

Dentro da sección *Franco en Galicia*, a visita do ditador ao Salto dos Peares e das Conchas é un dos temas que podemos atopar no NO-DO número 352 A, do ano 1949. A inauguración do primeiro dos embalses por parte do ditador pódese contemplar no Noticiario número 662 B, estreado o 12 de setembro de 1955.

## A década dos cincoenta: Lugo no “Cine da Emigración”

En 1951, NO-DO faise eco do incendio sufrido polo mosteiro de Samos, “escuela de Príncipes y magnates”, ocorrido o 25 de setembro dese ano. Ademais dos estragos producidos polas lapas, podemos ver o abade Mitrado despedindo os monxes<sup>27</sup>. Este mesmo noticiario dedícalle 49 metros do número 560 – B (1953) á inauguración de novas vivendas en Lugo.

<sup>26</sup> Completan o equipo técnico desta película, baseado nun guión de Ramón García Telenli, Jesús de Paz (cámara), Ricardo Torres (montaxe), M.ª Álvarez García (música) e Augusto Boue (técnico de son), encargándose Fernán da locución.

<sup>27</sup> NO-DO número 463 A

Tamén en 1951 Charles Anwander e Alberto Reig Gonzalbes dirixen *Galicia y sus gentes*<sup>28</sup>. Esta produción de NO-DO, realizada en branco e negro, ofrece diversas imaxes de Galicia centrándose, no que a Lugo respecta, na catedral, na Muralla e nalgunhas das súas rúas, é dicir, nos tópicos turísticos da nosa cidade.

Aproveitando imaxes de *Galicia y sus gentes*, Charles Anwander e I. Palacios realizan en 1952 *Rutas Galaicas*<sup>29</sup>, documental producido por NO-DO para a serie *Imágenes* (número 391) no que se poden contemplar diversas vistas da catedral lucense.

Representantes do chamado “cine da emigración” (cine feito por emigrantes con destino ás colonias galegas da Arxentina, Uruguai, etc.) son Manuel Arís Torres<sup>30</sup> e Amando Hermida Luaces. Arís, realiza entre 1953 e 1958 *Viaje por Galicia*, froito das súas viaxes á terra que o viu nacer. Filmada en 16 mm, trátase dun documental de case dúas horas de duración no que se fai un percorrido polas catro provincias galegas.

Estreado no *Cine Mitre* de Bos Aires, permaneceu 18 semanas en cartel debido ao seu éxito entre os emigrantes galegos na Arxentina. De Lugo este filme amosa imaxes



<sup>28</sup> Este documental consta de 1.662 metros e dura 58 minutos e 19 segundos. Realizado en branco e negro, a súa dirección correspóndelle a Alberto Reig Gonzalbes e Cristino Anwander Aman, mentres que o resto do equipo técnico fórmano Alfredo Marquerie Mompin (guión), Cristino Anwander Aman, Joaquín Hualde Ortigosa, Ismael Palacios Aldea (fotografía), Rafael Simancas Echevarría (montaxe), Emilio Lehmborg (música), Ignacio Mateo Martín, José Hernández Franch, Matias Prats Cañete (locución). Da nosa cidade inclúe imaxes de *Lugo y su basilica románica, las calles típicas*.

<sup>29</sup> Este documental sonoro, realizado en 35 mm e en branco e negro, tiña unha metraxa de 287 metros e unha duración de 10,30 minutos. (García Fernández, Emilio. *Diccionario Filmográfico de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura, 1993. páx. 274).

<sup>30</sup> MANUEL ARÍS (Poio, Pontevedra, 1920) emigra cos seus pais a Montevideo cando só contaba con nove anos. Torneiro de profesión, despois de coñecer o cineasta uruguai Daniel Sposito Pereira, participa na realización de *El pibe Carlitos* (Sposito, 1950) e *El desembarco de los 33 orientales* (M.A. Melino, 1952). Aproveitando as súas estadias en España, leva a cabo *Viaje por Galicia* e *Por los caminos de España*, películas moi criticadas por Luis Seoane. O seu derradeiro traballo cinematográfico *Tierra de nuestros mayores* (1959) que, segundo Manuel González, constitúe “o documental estéticamente máis refinado dos rodados en Galicia nos anos cincuenta e sesenta.” (Véxase García Fernández, Emilio. *Diccionario Filmográfico de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura, 1993, páx. 27)

do barrio da Ponte e do Club Fluvial, da porta de Santiago e da rolda da Muralla (monumento do que se di erroneamente que é unha obra de Augusto no século I d. C.), da catedral, do antigo edificio de Mestría (hoxe instituto Xoán Montes), da igrexa de San Froilán, da rúa da Raiña, da Deputación, da praza do Ferrol, do mercado de Quiroga Ballesteros, da praza de Santo Domingo e da colonia de Antonio Miño (casas baratas). Polo que á provincia respecta, só se ofrecen unhas vistas dos Peares, de Monforte de Lemos e de Ribadeo, onde aparece Gamallo Fierros.

Na mesma liña de Arís desenvólvese o traballo de Amando Hermida Luaces (1909-1977) que, dende 1952 ata 1958, aproveita as súas visitas a Galicia para realizar *Galicia al día* (estreada en 1959 no *Cine Gloria* de Bos Aires), película de catro horas de duración con imaxes das catro provincias galegas. A este filme pertence *Lugo al día* (1955), rodada en 16 mm, con locución a cargo de Fernando Iglesias, que nos amosa unha visión xeral da capital durante as festas de San Froilán do ano 1957. Nela se pode contemplar a rolda da Muralla, as portas do bispo Odoario e de Santiago, as prazas Maior, de Santo Domingo e de Avilés, os institutos de segundo ensino, a igrexa de San Froilán e unha detallada visión das antigas fábricas de Frigsa. Continúa con imaxes do barrio da Ponte, do xardín de San Roque e o seu monumento a Xoán Montes, do cartel das festas patronais dese ano (obra de Juan García Escriña<sup>31</sup>), do río Miño e os batuxos, da Avda. da Coruña dende a porta de San Fernando (cun desfile de motos, coches e autocares), de bailes tradicionais na praza Maior, da catedral, do adarve da Muralla, do certame de tiro ao pombiño durante as festas (coa presenza do gañador, Sr. Echevarría), do concurso de gando, das polbeiras no antigo Campo da Feira, da actuación do grupo folclórico “Os Modernos” de Lugo (coa participación improvisada de Angel Casanova, galego residente en Bos Aires), a inauguración da rúa Becerreá e vistas da rúa do 18 de xullo (hoxe Camiño Real) e da Rúanova.

<sup>31</sup> PENA MOREDA, Teresa e ARRIBAS ARIAS, Fernando. *A publicidade das festas de San Froilán: carteis e programas 1877-2011*. Lugo: Concello de Lugo (Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua), 2011. páx. 76.





Polo que á provincia respecta *Lugo al día* ofrece unhas imaxes da fortaleza de San Paio de Narla en Friol, así como tamén da parroquia de Xiá deste concello, onde se amosa con detalle o traballo do liño e da elaboración de zocas, documento gráfico de gran valor etnográfico. Completan a visión da nosa provincia diversas vistas do centro do Santo Anxo de Rábade, dos balnearios de Guitiriz e Pardiñas, de Chantada, de Portomarín (cun plano do vello párroco Domingo de la Fuente), de Monterroso, de Palas de Rei (con imaxes da vila e da tasca do liño), de Monforte de Lemos (plano xeral da cidade, estación de ferrocarril, río Cabe, antigas murallas e edificio da Compañía), dos Peares, de Quiroga, de Rubián, de Sarria, de Samos, de Becerreá, do Corgo, de Triacastela, da Fonsagrada (coa súa fonte de 1882), de Ribadeo, de Mondoñedo, de Lourenzá, de Vilalba, de Foz, de Celeiro e de Viveiro (planos de diversas rúas, da porta de Carlos V e de Chavín) para rematar na ponte do Barqueiro no Vicedo.

Posteriormente, Hermida Luaces realiza *De Irún a Tuy* (1960) e *Alma Gallega* (1966), esta última filmada en 35 mm, e na que, segundo rezaba no cartel anunciador, a través de

“1000 vistas y escenas, en su pleno colorido...[ofrecen]...la visión más completa y la más auténtica de Galicia.”

Neste filme atopamos un percorrido pola cidade de Lugo moi semellante ao visto na anterior película, percorrido que comeza na Muralla pasando polo Campo da Feira e o parque de Rosalía de Castro, mentres que da provincia saen a escena Chantada, Vilalba, Lourenzá (con imaxes dunha trilla), Rábade, Foz, a romaría do Naseiro en Viveiro, Monterroso, Palas de Rei, O Saviñao (concretamente da igrexa de Ribas de Miño), a construción do encoro de Belesar, Portomarín, Monforte e Os Peares.

Tamén da década dos cincuenta, concretamente de 1954, é un Noticario que recole a coroación canónica da Virxe dos Remedios de Mondoñedo<sup>32</sup>.

<sup>32</sup> Noticario número 611 B. A súa estrea tivo lugar o 20 de setembro de 1955

O xa daquela todopoderoso Cesáreo González, propietario de *Suevia Films*, que, xunto con *Cifesa*, constituíu a máis importante empresa produtora cinematográfica española do franquismo, leva a cabo en 1955 tres importantes documentais sobre a nosa provincia: *La ciudad de Lugo*<sup>33</sup>, *La tierra de Lemos* e *La comarca del Ulla*. Os dous primeiros están dirixidos, por Juan N. Solórzano, con guión de José Rodríguez de Vicente e con Julián de la Flor como operador, mentres que o último o director é Julian de la Flor. Os tres, realizados en branco e negro e en 35 mm, forman parte da serie *Documentales de Galicia*, integrada tamén por outros títulos como *Santiago de Compostela*, *Los Valles del Alto Miño*, *Fiestas Gallegas*, etc. En opinión de Xosé Nogueira, a súa filmación

“obedeceu máis a intereses persoais (nos que de seguro xogou un papel relevante a súa facilidade para a autopromoción, para “vender” o seu cariño pola terra natal e, maiormente polo “Vigo de sus amores”) que a criterios xerais de produción dentro da súa marca.”<sup>34</sup>

Varios planos de Lugo figuran tamén en *Ciudades Gallegas* (1956), filme en B/N dirixido polo ourensán Amador del Villar para a produtora cinematográfica *Galicia*, empresa fundada polo lucense Jesús Pin Novo, natural do concello de Pol, pero de nacionalidade venezolana<sup>35</sup>.

Co triunfo do franquismo, o Camiño de Santiago, a cidade de Compostela e, en xeral, calquera aspecto do Xacobeo, vanse converter nun dos temas preferidos polo novo réxime, que vai explotar este filón durante varios anos por ser



<sup>33</sup> Deste filme existe copia incompleta e en moi mal estado na Filmoteca Nacional

<sup>34</sup> NOGUEIRA, Xosé. *O cine en Galicia*. Vigo: Edicións A Nosa Terra, 1997, páx. 289

<sup>35</sup> Deste filme existe copia icompleta e en moi mal estado na Filmoteca Nacional



“un icono preeminente tanto de cara a exaltación patriótica xa dende a guerra civil... e en diante... como da espiritualidade nacional-católica”<sup>36</sup>

Así, ben a través do NO-DO, de coproducións ou de películas subvencionadas, vanse producir un bo número de documentais que incluso comparten título. Tal é o caso de *Camino de Santiago* (1955), traballo do xa citado Charles Anwander, e doutro co mesmo nome dirixido por Pierre Zimmer, tamén de 1955, coprodución de NO-DO coa casa francesa *Cité Films*. Nestes dous casos, faise un percorrido polos principais monumentos e paisaxes do Camiño Francés, con especial exaltación da Catedral de Santiago.

Tres anos antes, en 1952, co titular de *Cineastas franceses en Lugo, El Progreso* publica unha información na que dá conta da presenza na capital da provincia dun equipo de rodaxe galo que prepara un documental sobre o Camiño de Santiago.

O equipo estaba dirixido polo P. Henri Branthome<sup>37</sup> e chega á nosa cidade despois de realizar filmacións en Compostela, Padrón, Monte do Gozo e outras localidades. Acompañados de D. Narciso Peinado, membro da Real Academia Galega,

“los realizadores de esta produción tomaron vistas de diversos objetos pertencientes a monumentos de Puertomarín y que actualmente se encuentran en el Museo de la Diputación Provincial de Lugo. Seguidamente, el P. Branthome, el cameraman señor Chateaux y otros acompañantes del grupo, seguirán acompañados hasta el Cebrero, deteniéndose asimismo en los lugares donde tradicionalmente efectuaron paradas los peregrinos.

En nuestra redacción hemos tenido el gusto de saludar al P. Branthome, quien entre otras cosas nos ha manifestado que ha estudiado durante tres años la realización de esta película, la cual tendrá un carácter eminentemente orientado hacia la significación religiosa de la ruta compostelana.

Dicho film será “doblado” a varios idiomas y distribuído en todo el mundo el próximo año.”<sup>38</sup>

Dentro da sección *Actualidad nacional*, o Noticiero número 716 A, estreado o 24 de setembro de 1956, recolle a visita do xeneralísimo ao gran matadoiro de gando de Galicia situado en Lugo. Trátase da visita que Franco realiza o 15 de setembro ás instalacións da fábrica de Frigsa, terreos que actualmente conforman o Parque da Milagrosa e onde se conservan aínda algún dos edificios orixinais, con motivo da posta en marcha deste vasto complexo industrial.

<sup>36</sup> NOGUEIRA. pax. 286

<sup>37</sup> Coautor de *Pelerins comme nos péres*, publicado en 1950, libro que recolle a viaxe dun grupo de mozos de Francia a Santiago.

<sup>38</sup> *El Progreso*, 1 de agosto de 1952. Véxase: ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Edicións Xerais, 1996. pax. 135.



Un ano despois, e aproveitando coma sempre as vacacións estivais en Galicia, Franco inaugura en Ribadeo o Intituto Laboral e un Albergue Nacional de Turismo<sup>39</sup>.

No mesmo periplo, pero recollido noutro NO-DO, o ditador visita as explotacións protexidas da Terra Chá, realizando tamén inauguracións na cidade cultural lucense<sup>40</sup>.

Un terceiro noticiero deste ano dedica a sección de *Actualidad nacional* á visita que realiza o daquela Ministro de Información e Turismo á Feira Exposición de Lugo, amosando o seu percorrido polas instalacións<sup>41</sup>.

Aínda que non sabemos se contén imaxes de Lugo, queremos deixar constancia da película *Así es Galicia*, realizada en 16 mm polos irmáns Docampo en 1956, estreada un ano despois no cine Goya da Coruña<sup>42</sup>. Tamén destes realizadores é *Belesar*, interesante reportaxe, con comentarios de Luis Caparrós, sobre a construción do encoro deste nome no que podemos ver, ademais das obras do salto, imaxes das rúas e monumentos do vello Portomarín, así como do proceso de edificación do novo poboamento e traslado das igrexas de San Pedro e San Xoán.

De 1959 é o NO-DO número 880 B no que, baixo o título *Tipismo galaico*, recolle unhas curtas imaxes da feira de Santos en Monterroso.

<sup>39</sup> Noticiero número 818 A, estreado o 8 de setembro de 1958

<sup>40</sup> Noticiero número 819 B, estreado o 15 de setembro de 1958

<sup>41</sup> Noticiero número 821 A, estreado o 29 de setembro de 1958

<sup>42</sup> Sobre este filme véxase: PENA PÉREZ, Jaime e CASTRO DE PAZ, J.L. *La Coruña y el cine. 100 años de historia (1936-1995)*. V. II. A Coruña. Vía Láctea Ed., 1995, pax. 41. Tamén: NOGUEIRA, Xosé: *O cine en Galicia*. Vigo: Edicións A Nosa Terra, 1997, pax. 288.

## Os anos sesenta

Luis Suárez de Lezo dirixe na década dos sesenta dous documentais sobre o Camiño de Santiago. O primeiro, realizado en 1961, leva por título *El Camino de Santiago*<sup>43</sup> e nel realiza un percorrido por esta histórica ruta dende Roncesvalles ata a catedral de Compostela. Anos despois, en 1965, por encarga da Empresa Nacional de Turismo, filma *Un camino para Europa*, co mesmo esquema que o anterior pero

“deténdose naqueles aspectos culturais e artísticos que se sitúan no dito itinerario.”<sup>44</sup>

Tamén, a serie *Imágenes* dedica o seu número 1.081 á *Peregrinación a Compostela*. Estreada o 27 de setembro de 1965, esta reportaxe sobre “la Juventud de España en peregrinación” amosa un grupo de rapaces que realizan o Camiño de Santiago dende Roncesvalles ata a capital de Galicia. No que a Lugo se refire, inclúe planos de

“Ponferrada y la entrada en Galicia del Samos Benedictino a la Sarria Mercedaria.”

Nova entrega da ruta xacobeá é *Hacia Santiago (Cartas de un peregrino)*<sup>45</sup> de César Fernández Ardavín, que inclúe imaxes de Portomarín.

O Congreso Eurarístico celebrado en Viveiro, así como a Solemne Procesión, é un dos temas de Información Nacional que ofrece o Noticiero 961 A, estreado o 5 de xuño de 1961. De 1966 (número 1331 A) é a inauguración do novo tramo de ferrocarril Viveiro-Vegadeo. Anos despois, en 1970, a cidade do Landro volverá a ser obxecto de atención por parte do NO-DO co gallo do *VI Rallye Humorístico*, evento que durante bastante tempo foi un dos seus principais atractivos turísticos. O recollido nesta ocasión amosa

“coches, disfraces y ‘prehistoria’”.<sup>46</sup>

O tema da rapa das bestas en Viveiro vai ser obxecto de diversos documentais. Un deles diríxelo en 1961 José María Hernández Sanjuan e, en 1973, TVE realiza outro para a serie *Raíces*. Do mesmo ano é *A rapa das bestas en Candaoso*, de Xosé Luis Moar Rivera, mentres que á VIII edición do Festival de Cine Afeccionado do Círculo



das Artes de Lugo se presenta *Homes e bestas*, obra do Grupo VIII (Carlos Valcárcel Gay, Siña Fernández Puente, Carlos Rodríguez Arias, Miguel Calvo Negro, Francisco Rodríguez, Javier Saavedra, Juan Soto e Hipólito Galán), novo documental sobre o curso de Candaoso.<sup>47</sup>

De Silvio Santiago é unha interesantísima reportaxe sobre *Portomarín*. Realizada en branco e negro en 1960, ofrece imaxes da antiga vila e do traslado e reconstrución dos templos máis emblemáticos, nas que aparecen tamén personaxes como o escritor Anxel Fole.<sup>48</sup>

De 1963 é *El hombre y el agua*, obra de V. Minaya, I. Palacios e F. Martín, documental sobre o encoro de Belesar e o río Miño ao seu paso pola vila de Portomarín e o asolagamento desta vila. Producido por NO-DO en branco e negro, tiña unha duración de 10 minutos e 32 segundos e unha metrxaxe de 287 metros<sup>49</sup>. Estreado o 11 de marzo de 1963 dentro da serie *Imágenes* (número 948), esta reportaxe céntrase fundamentalmente na construción desta presa, situada ao sur da provincia de Lugo, importante obra de enxeñería que o goberno franquista non dubidou en utilizar propagandisticamente como exemplo de desenvolvemento. Integran este filme as seguintes vistas:

“El Miño en Puertomarín. El aprovechamiento hidroeléctrico de Belesar. Un pueblo entero trasladado de sitio. La iglesia-fortaleza de los Templarios, reconstruida piedra a piedra. La montaña horadada. Una fábrica de hormigón al pie de presa. Vibradores y detectores electrónicos en funcionamiento. Un bosque de hierro frente al bosque de piedra labrada. Seiscientos cuarenta millones de metros cúbicos de agua en el salto de Belesar. Turbinas a 10 metros por debajo del nivel del río. Inundación

<sup>43</sup> Este documental estaba producido pola Cooperativa Iberoamericana Cinematográfica. Realizado en cor, tiña unha duración de 60 minutos e contou cunha axuda económica de 142.225 pesetas. (García Fernández, Emilio. *Diccionario Filmográfico de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura, 1993. páx. 58).

<sup>44</sup> GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio C. “A imaxe cinematográfica durante o franquismo 1940-1970”, en *Historia do cine en Galicia*. A Coruña: Vía Láctea Editorial, 1996. páx. 153.

<sup>45</sup> Este filme é de 1961

<sup>46</sup> Revista Cinematográfica Española número 1442, estreada o 24 de agosto de 1970

<sup>47</sup> ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Edicións Xerais, 1996. páx. 186.

<sup>48</sup> Propiedade de Jorge Martínez Crespo, este documental atópase no Centro Galego de Artes da Imaxe

<sup>49</sup> GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio. *Diccionario Filmográfico de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura, 1993. páx. 167.

de un pueblo medieval. Cinco siglos de historia a cambio de muchas centurias de progreso. El nuevo Puertomarín. El hombre y el agua están de acuerdo.”

O interese deste documental radica en que nos amosa unhas imaxes inéditas da construción do encoro de Belesar, así como do proceso de traslado da igrexa de San Nicolás e do asolagamento da vila.

Encargo do Ministerio de Información e Turismo, José Luis Román dirixe *Rías Altas de Galicia* (1961), documental de dez minutos de duración sobre a paisaxe de diversas localidades galegas, entre as que se atopa Mondoñedo.

Na mesma liña do realizado por *Peñalara Films*, está *Ribadeo* (1968), película de 16 mm feita para a TVE.

A finais de marzo de 1961, ten lugar unha homenaxe a Álvaro Cunqueiro en Lugo, quen descobre unha placa na Porta Miñá ou do Carmen na Muralla dedicada ao trovador Fernando de Esquío. O acto foi recollido polo NO-DO.<sup>50</sup>

A presa de Belesar, unha das máis importantes da súa época, vai ser obxecto de dúas reportaxes do NO-DO nos anos sesenta. A primeira<sup>51</sup>, recolle o desenvolvemento das obras e un “commovedor acto relixioso” que tivo lugar a comezos de 1961, mentres que a segunda, estreada o 16 de setembro de 1963, céntrase nos actos de inauguración deste salto polo xefe do Estado, destacándose que

“la nueva central incrementa la producción eléctrica de Galicia.”<sup>52</sup>

A reconstrución do mosteiro de Samos, despois do incendio sufrido no ano 1951, é recollida polas cámaras de NO-DO que se desprazan a esta localidade lucense con motivo da súa inauguración polo xeneralísimo co gallo do I Curso de Socioloxía e Economía Rural.<sup>53</sup>

Tamén, as inauguracións do Monumento ao Gaitero Galego, situado no concello de Ribadeo, e a do novo hostel de Vilalba, esta última a cargo do entón ministro de Información e Turismo, son outros dous eventos filmados por NO-DO<sup>54</sup>. Este novo hostel, coñecido como Hostería dos Condes de Vilalba, vai ser obxecto doutra reportaxe, pero esta vez en cor, dentro da serie *España en Desarrollo* que a *Revista Cinematográfica Española* dedica a Lugo. Nela tamén se poden contemplar novas instalacións gandeiras con muxido mecánico e o Parador de Portomarín.<sup>55</sup>

<sup>50</sup> ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Edicións Xerais, 1996. páx. 149.

<sup>51</sup> Noticiero número 950 A. Estrea: o 20 de marzo de 1961

<sup>52</sup> Noticiero número 1080 B. Estrea: 16 de setembro de 1963

<sup>53</sup> Noticiero número 925 B. Estrea: 26 de setembro de 1960

<sup>54</sup> O primeiro figura no Noticiero 1.180 B, estreado o 16 de agosto de 1965, mentres que o segundo corresponde ao Noticiero número 1.276 A, estreado o 14 de agosto de 1967.

<sup>55</sup> *Revista Cinematográfica Española* número 1.377 B. Estrea: 26 de maio de 1969

De 1964 é o documental de Santos Núñez *Así es Galicia*, filme do que localizamos unha copia na Filmoteca Nacional. Neste traballo, producido por Leda Films, o seu director realiza un percorrido “pola nosa xeografía, costumes e folclore.”<sup>56</sup> Da cidade do Sacramento amosa imaxes da ponte romana, unha vista xeral das costas do parque, da muralla e da porta de Santiago, da praza do Campo, do concello, da praza Maior, do parque de Rosalía de Castro e da praza de Santo Domingo; mentres que as vistas da provincia se centran en Mondoñedo, Ribadeo, Viveiro e a ponte do Barqueiro.

Aproveitando a bonanza do tempo de verán, a mediados de agosto de 1966, un equipo de NO-DO percorre

“...diversas partes de la provincia para terminar el rodaje de una película, en la que se recogerán los principales aspectos de nuestra provincia, así como la actuación del SUT en algunas partes de la misma.”<sup>57</sup>

As filmacións teñen lugar en Lagoa (A Pastoriza), Sarria e Matodoso fundamentalmente, pero tamén se realizan tomas de Friga e de aspectos monumentais e paisaxísticos de San Martiño de Mondoñedo, Ferreira de Pantón, etc.

Destas rodaxes sae *Carta de Lugo*, da revista *Imágenes* (n.º 1.142) documental que, tomando como pretexto o labor de difusión cultural que realizan unha parella de mozos estudantes do Servicio Universitario de Trabajo (SUT) na vila de Portomarín, fai un percorrido por diversas localidades, resaltando os aspectos monumentais e logros do réxime na provincia: Lugo (cidade da que se amosa o museo, o club fluvial, as instalacións de Friga e Santa Eulalia de Bóveda), a presa de Belesar, Monforte de Lemos, Vilalba, Viveiro, Foz, Barreiros, Mondoñedo, Lourenzá, Samos, O Incio, San Martiño de Mondoñedo, o Pazo de Tor e O Cebreiro, para remtar nas modernas instalacións da zona de colonización da Terra Chá.



<sup>56</sup> NOGUEIRA, Xosé. *O cine en Galicia*. Vigo: Edicións A Nosa Terra, 1997, páx. 289

<sup>57</sup> *El Progreso*, 19 de agosto de 1966. Véxase ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Edicións Xerais, 1996. páx. 158.

Por encarga do Ministerio de Información e Turismo, outro equipo de filmación impresionista, en 1967, unha película en cor da nosa provincia que leva por título *Galicia*.<sup>58</sup> Con comentarios de Álvaro Cunqueiro, este documental de reclamo turístico está dirixido por Claudio Guerin Hill, quen pretende

“...dar una visión de Galicia distinta a la que se ha dado (...) El color dará una mayor sensación de realidad a nuestros paisajes y monumentos y servirá para destacar valores humanos de nuestra región, pues se quiere también destacar al hombre que vive sobre unas tierras que son sólo conocidas por hermosas, pero que suelen ser desconocidas en el aspecto de las gentes que las pueblan...”<sup>59</sup>

Incorpora exteriores Ribadeo, Lugo (con imaxes da cociña, claustro e outras salas e obxectos do Museo Provincial, así como tamén da Muralla e de Santa Eulalia de Bóveda), Mondoñedo, Vilalba, Monforte de Lemos, O Cebreiro, Pedrafitas, Triacastela, Samos, Sarria e Portomarín.

Na mañá do 12 de outubro, un terceiro equipo de rodaxe filma varias vistas de Lugo (catedral, praza de San Domingos, etc.) para a realización doutro documental que dirixe Miguel Cañones. Este equipo procedía da Coruña

“...donde había filmado los solemnes actos de inauguración de las nuevas instalaciones y equipo técnico de que ha sido dotado nuestro diario (La Voz de Galicia) y el funcionamiento de la rotativa en el momento de proceder a la edición del periódico...”<sup>60</sup>

A prensa local destaca especialmente *El Camino de Santiago*, película que inclúe escenas rodadas en Lugo. Á función inaugural, celebrada o 7 de marzo de 1967 no Central Cinema, asisten as principais autoridades locais e provinciais, o abade mitrado de Samos e os alcaldes dos municipios lucenses polos que discorre o Camiño Francés.

Co gallo das festas de San Froilán de 1967, un equipo de TVE desprázase a Lugo para realizar unha toma dos festexos. O equipo está ás ordes do Sr. Madariaga.<sup>61</sup> Na nosa opinión, esta rodaxe está destinada a festa, programa sobre costumes e tradicións que dirixe Pío Caro Baroja e que, ao longo da súa existencia, lle dedica dous dos seus capítulos a Lugo. O primeiro leva por título *San Froilán en Lugo*, mentres que o segundo céntrase na vila de *Mondoñedo*.<sup>62</sup>

<sup>58</sup> Deste filme, realizado en Eastmancolor e cunha duración de 30,18 minutos, existe copia na Filмотeca Nacional e no Centro Galego de Artes da Imaxe.

<sup>59</sup> ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Edicións Xerais, 1996. páx. 159. Deste filme existen copias na Filмотeca Nacional e no Centro Galego de Artes da Imaxe.

<sup>60</sup> *La Voz de Galicia*, 14 de outubro de 1966. (Arribas, páx. 159)

<sup>61</sup> ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo 1897-1977. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Xerais, 1996. páx. 163.

<sup>62</sup> O programa *Fiesta*, de periodicidade semanal, emítese entre o 27 de decembro de 1966 e o 31 de decembro de 1968.

Da mesma época que a anterior, é outra serie de TVE titulada *Aquí España*, emitida entre o 18 de novembro de 1966 e o 21 de outubro de 1968. Integrada por 79 programas, un deles era unha reportaxe sobre a vila de *Ribadeo*.<sup>63</sup>

Tamén de 1968 é o terceiro dos programas de *Tradiciones del pueblo español*, dirixido por Ricardo Fernández de la Torre para TVE. Este documental de carácter etnográfico, dedícalles un minuto e tres segundos ás pallozas do Cebreiro.

Rodada en Súper 8, *Un cierto Lugo*, de Epifanio Ramos de Castro obtivo o premio de Documental e o premio á mellor película presentada por un afeccionado lucense, no I Festival de Cine Afeccionado do Círculo das Artes celebrado no ano 1968.<sup>64</sup>

Dous equipos de TVE desprázanse en 1969 a Lugo. O primeiro, encabezado por Miguel Sanchiz, realiza un documental sobre a presa de Vilasouto, mentras que o segundo se limita a tomar uns planos

“...para ambientar un reportaje sobre las antiguas diligencias.”<sup>65</sup>

Directivos da produtora *Telemincine* desprazados a Lugo, ofrecen unha rolda de prensa para informar de que están realizando unha película sobre Galicia que leva por título *Galicia, terra nosa*. Neste filme á provincia de Lugo correspóndelle 15 minutos, tempo no que se pretende

“...reflejar el ambiente histórico y popular de Lugo, al mismo tiempo que el industrial y de progreso.”<sup>66</sup>

Lugo, Monforte, Lourenzá, Portomarín, Ferreira de Pantón, Sober e Santa Eulalia de Bóveda son algunhas das localidades que o equipo de *Telemincine* ten previsto visitar. Para amosar o desenvolvemento industrial da provincia, a película incluírá escenas da artesanía da gaita e do barro, da baleeira de Morás, das minas de caolín e do porto de Burela e da fábrica de Cementos del Noroeste.

Durante algúns días do mes de maio de 1969, os espectadores do cine Kursal vense gratamente sorprendidos pola proxección de *Imágenes*, revista de NO-DO que inclúe varios planos de Lugo e a súa provincia. Por este motivo, *El Progreso* laméntase de que a empresa manteña un día máis para facilitar a súa visión ós lucenses interesados.<sup>67</sup>

<sup>63</sup> Realizado en 16 mm, esta reportaxe foi emitida por TVE o 8 de xaneiro de 1968

<sup>64</sup> ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo 1897-1977. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Xerais, 1996. páx. 164.

<sup>65</sup> ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Edicións Xerais, 1996. páx. 168.

<sup>66</sup> ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Edicións Xerais, 1996. páx. 168.

<sup>67</sup> ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Edicións Xerais, 1996. páx. 169.



Tamén do NO-DO n.º 1377-B, estrado no Gran Teatro o 14 de xuño do mesmo ano, forma parte unha reportaxe en cor sobre a nosa provincia, na que destacan as instalacións gandeiras e os paradores de Vilalba e Portomarín.

O dez de xuño de 1969 ten lugar en Rozas a Operación Azor I, unha serie de manobras militares con exercicios conxuntos das forzas de Terra e Ar.<sup>68</sup> Interviñeron neste suposto táctico 1.000 homes aerotransportados e 2.000 de terra, ademais do persoal auxiliar e contou tamén coa presenza de varios helicópteros. Estas manobras despertaron unha gran expectación e foron seguidas por numeroso público.

Un mes despois, a *Revista Cinematográfica Española* faise eco da Segunda Demostración Internacional de Maquinaria Recolectora en Lugo, evento desenvolto na granxa “Gayoso Castro” que Deputación Provincial ten na localidade de Castro Riberas de Lea.<sup>69</sup>

## A década dos setenta

A esta década, aínda que non podemos concretar o ano, pertence a produción de Rodolfo Yebra Rozas *Lugo, la bien murada*, filme realizado en Súper 8 que se conserva no Centro Galego de Artes da Imaxe. Obra de moi boa factura para o seu formato, ten a particularidade de ser o primeiro documental que se conserva sobre a nosa cidade comentado en galego. Nela podemos ver imaxes da ronda e da Muralla coa catedral ao fondo, da portas do bispo Odoario, Santiago, Miñá e de San Pedro, así como do adarve. Inclúe tamén vistas do Pazo Episcopal, da praza do Campo, da Deputación, da igrexa de San Froilán e do antigo cuartel de San Fernando, da fachada do Museo e do claustro de San Francisco, do mercado, da praza de Santo Domingo, da rúa da Raíña, do concello, da praza Maior, do parque de Rosalía de Castro e das antigas instalacións de Frigsa, para rematar cunhas imaxes das festas de San Froilán nas que se poden contemplar as polbeiras no Campo da Feira (entre as que recoñecemos á popular Manolita) e os postos de vendedores de aparellos agrícolas situados nos xardíns de García Morato e diante do Seminario Maior.

Rodolfo Yebra realiza tamén por estes anos unha reportaxe titulada *Capones de Vilalba*, de dez minutos de duración.

Tamén feita en Súper 8 é *A costa de Lugo* (1971), obra de Enrique Rodríguez Baixeras, autor tamén no mesmo formato de *A morte do Mariscal* (1973).

Aínda que sen o pulo de anteriores tempos, a cuestión do Xacobeo continúa na década dos setenta a ser un tema recorrente para algún cineasta. Así, en 1970 José Luis Font dirixe para NO-DO un novo documental sobre o *Camiño de Santiago*, de 52 minutos de duración, no que se recollen imaxes do Santuario do Cebreiro, do mosteiro de Samos e da igrexa de San Xoán de Portomarín.

<sup>68</sup> *Revista Cinematográfica Española* número 1.381 B, estreada o 23 de xuño de 1969

<sup>69</sup> *Revista Cinematográfica Española* número 1.385, estreada o 21 de xullo de 1969



*Monasterio de Samos. Recuerdos de Fay Benito Jerónimo* é o título dunha reportaxe, con comentarios de José Luis Pécker, incluída no NO-DO n.º 1413 A, que do 19 ao 24 de febreiro de 1970 se proxecta nos cines Kursal e Paz. A prensa local fíxose eco deste acontecemento con bastante antelación.

En marzo deste mesmo ano, TVE despraza a Lugo un dos seus equipos para filmar a F. Rivera Manso nun programa sobre a capital da provincia.

De 1972 é o NO-DO número 1519 B *Por terras gallegas*, con imaxes tomadas nos lindeiros das provincias de Lugo e Ourense e con locución de Matias Prats.

A zona da montaña luguesa está presente en *Circos* (1979) película dirixida por Javier Villaverde<sup>70</sup> e producida por Imaxe (para a Caixa de Aforros de Galicia) na que

“a través dos seus restos e pervivencias faise unha evolución da cultura dos mouros, segundo a denominación popular que recibe en Galicia e no norte de Portugal a cultura prerromana...”<sup>71</sup>

Os exteriores deste filme, cunha duración de 25 minutos, foron rodados en diversas localidades de Galicia e Portugal, entre as que se atopaba O Piornedo.

<sup>70</sup> XAVIER VILLAVERDE (A Coruña, 1958). Guionista e director autodidacta que comeza a súa carreira cunha cámara de súper 8, formato no que realiza en 1977 a súa primeira película: *A semente*. Co Equipo Imaxe leva a cabo *Circos* (1979) e, posteriormente, *Tacón* (1982), esta última xa en 35 mm. Profesional moi versátil e innovador é autor tanto de anuncios publicitarios coma de longametraxes: *Continental* (1989) e *Fisterra*. Onde termina o mundo (1999), películas que o converteron nun dos principais directores do cine galego, cine co que mantén un fondo compromiso.

<sup>71</sup> (García Fernández, Emilio. *Diccionario Filmográfico de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura, 1993. páx. 84)

Unha exaltación da paisaxe da provincia de Lugo atopámola en *Galicia, primer cuadrante* (1978), obra de Antonio Pérez Olea<sup>72</sup>. Realizado en 35 mm e en cor, neste documental de 11 minutos de duración, o seu director e guionista fai un percorrido por algúns dos aspectos máis salientables da xeografía (vales, montañas, ríos, etc.) da xeografía lucense, tanto do interior coma das costas.

En 1972 Ismael González Díaz<sup>73</sup> dirixe e produce *Lugo, la ciudad museo*, documental en cor de pouco máis de dez minutos de duración. Co asesoramento de Narciso Peinado Gómez, neste filme o seu autor, despois de varios planos de curta duración do monumento de Santa Eulalia de Bóveda, da Muralla, da catedral, do pazo Episcopal e da igrexa de San Francisco (hoxe de San Pedro), realiza un detallado percorrido polo Museo Provincial de Lugo, o máis amplo feito ata esa data, amosando gran parte das súas salas e dos obxectos máis destacados, destacando a presenza de Manuel Vázquez Seijas.

Un ano despois, en 1973, e dentro da serie *De norte a sur*, Televisión Española leva a cabo un documental en branco e negro sobre Lugo de 30 minutos de duración.

<sup>72</sup> ANTONIO PÉREZ OLEA (Madrid, 1923). Compositor e cineasta que desenvolve a súa carreira cinematográfica como director de fotografía e, posteriormente, como director de diversos documentais ata rodar, en 1985, a longametraxe *El anillo de la niebla*. Pero, é como compositor onde acadou os seus maiores éxitos, ao realizar a música de filmes tan notables como *Del rosa al amarillo* (1963) de Manuel Summers; *La tía Tula* (1964) de Miguel Picazo; *Con el viento solano* (1965) de Mario Camus; *Fata Morgana* (1966) de Vicente Aranda; *¡Vivan los novios!* (1970) de Luis García Berlanga; *El bosque del lobo* (1970) de Pedro Olea, etc.

<sup>73</sup> ISMAEL GONZÁLEZ DÍAZ (O Carballiño/Ourense, 1939). Polifacético home no mundo do celuloide, campo no que exerceu de distribuidor, produtor, guionista e director. Sendo aínda un neno emigra para reunirse co seu pai á Arxentina, país no que comeza os seus estudos de Enxeñaría Electrónica, ademais de xogar ao fútbol no equipo xuvenil de San Lorenzo de Almagro. Cando contaba con quince anos, trasládase a Caracas (Venezuela) onde entra a traballar na Compañía Salvador Carcel, unha das maiores distribuidoras de cine de Hispanoamérica, na que chega a ocupar o posto de xefe do Departamento de Publicidade. Licenciado en Relacións Humanas pola Universidade Iberoamericana de Caracas, realiza tamén labores de reporteiro (chegou incluso a entrevistar a Che Guevara) e crítico de cine para diversos medios informativos. Neste período comeza a súa actividade como escritor con relatos de ciencia-ficción e un libro de poemas, ao tempo que realiza algunhas películas como *Chimi-chimito*, coa que consegue un premio en Cannes. En 1960 trasládase a Estados Unidos para traballar na United Artists de Nova York como responsable de publicidade. Alí coñece a John Houston, Norma Jean, Marilyn Monroe, Montgomery Cluff e a outros importantes actores e directores norteamericanos.

En 1962 volve a España para dedicarse de cheo a exportación de películas españolas a través de empresas como *Cocinex* (fundada xunto con M. Polo Sáez de Buruaga), *Spanischer Filmverleih* (con Karl Heinz Benra) e coa súa asociación con A. Rosenberg dos Estados Unidos. Tamén se implica no negocio da importación, sobre todo de novos realizadores alemáns, por medio da empresa *Ars Films* que, en colaboración con *Barcino Films*, chega a controlar case toda a distribución do Cine de Arte e Ensaio en España. A través de *Ismael González, PC*, entra no sector da produción de curtas e longametraxes de autores noveles como Fernando Trueba, Antonio Resines, Enma Cohen, Diego Galán, Luis Revenga, M. Alcobendas, Oscar Ladoire, etc. Tamén chega a producir un Noticiero Cinematográfico, alternativo ao NO-DO, con entrevistas a Felipe González, Gil Robles, Álvarez de Miranda, etc.

Ademais da súa actividade empresarial, Ismael González dedicase tamén á realización de guiños e a dirección de numerosas curtametraxes de temática diversa, que vai dende o cine pornográfico ata documentais de tipo cultural, pasando por outros marcadamente divulgativos ou turísticos. Tamén, para a televisión realizou programas como *Riendo se entiende la gente* ou *Ha nacido una estrella* e series como *Héroes del aire*.



O equipo de filmación, do que forma parte Víctor Sueiro, realiza diversas tomas na capital da provincia, en Sarria e Rábade.<sup>74</sup>

Tamén, e diante do comezo da operación “Muralla limpa”, o delegado de Educación e Ciencia D. Pedro Caselles Beltrán, encárgalles aos servizos de Documentación a realización dunha película sobre a Muralla de Lugo. Este documental recolle, paso a paso, o derrubo das edificacións que testan coa Muralla e a restauración do monumento.

Como cámaras actúan os señores Ríos e Gallego Morandeira.<sup>75</sup>

Co gallo do Bimilenario da cidade de Lugo, a finais do mes de xullo de 1976 comeza en Lugo a rodaxe dun documental. Leva por título *Lugo 2000* e realízao “el agonizante aunque renovado NO-DO” por encarga do Ministerio de Información e Turismo.<sup>76</sup>

Narciso Peinado é o responsable da documentación, mentres que o guiño e a dirección corre a cargo de Horacio Valcárcel, un lucense afincado en Madrid.<sup>77</sup>

<sup>74</sup> ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo 1897-1977. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Xerais, 1996. páx. 179).

<sup>75</sup> Ídem páx. 179-180

<sup>76</sup> *El Progreso*, 25 de maio de 1976. Véxase: ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Edicións Xerais, 1996. páx. 190.

<sup>77</sup> HORACIO VALCÁRCCEL (Rábade, Lugo, 1933) abandona os estudos de Dereito para dedicarse á cinematografía, campo no que obtén o título de director en 1961 na Escola Oficial de Cine de Madrid, da que chegaría a ser profesor. En 1959 realiza a súa primeira película: *La cinta*, á que lle seguen outras de menor interese ata que, en 1964, co filme *Miguelín* (unha sinxela pero sensible historia infantil) gaña o premio do Xurado de Cannes para películas xuvenís. Despois de varias curtametraxes de documentais, entre as que se atopan *El señorío de Sarria* e *Lugo 2000*, abandona a dirección para dedicarse de cheo á faceta de guionista con Antonio Mercero e José Luis Garcí. Para o primeiro escribe o guiño de series televisivas de éxito como *Verano azul*, *Turno de Oficio* e *Farmacia de Guardia*, ademais das non menos coñecidas películas como *La guerra de papá* (1977), *Tobi* (1978), *Espérame en el cielo* (1987) etc. Froito da súa colaboración con Garcí son títulos como *El crack* (1980), *El crack 2* (1982), *Sesión continua* (1984), *Asignatura aprobada* (1984), etc.

A fotografía é de Fernando Martín, que conta con José Delegado e J. I. Palacio como axudantes. A montaxe é de Manuel García, axudado por José Santomé, mentres que a produción lle corresponde a Fernando Valero e o son a Antonio Vaquero.

Os escenarios polos que discorre este documental, de 900 metros e cunha duración aproximada de 25 minutos, son a capital da provincia (Catedral, Muralla, Musco, etc.), Mondoñedo, Lourenzá, Vilalba, Os Ancares e a costa lucense.<sup>78</sup> Aínda que discutible nalgúns aspectos, na nosa opinión é un dos máis completos que levamos visto sobre os aspectos monumentais e históricos de Lugo. A súa estrea ten lugar no Gran Teatro o 11 de decembro, como colofón dos actos conmemorativos do Bimilenario de Lugo. Unha ameaza de bomba, que obriga a desaloxar a sala durante dez minutos, é a anécdota máis relevante da sesión.

Aínda que o título poida resultar enganoso, *El pulpo en la isla de Arosa*,<sup>79</sup> trátase dun documental de TVE, dirixido por Carlos Serrano en 1973, que contén imaxes dunha romaría en Viveiro na que intervén o danzarín “El Solitario” e no que se amosan tamén instrumentos típicos e a indumentaria tradicional de homes e mulleres para o baile na cidade do Landro.

O 24 de xullo de 1976, D. Xoán Carlos e D<sup>a</sup> Sofía visitan Lugo. O evento é recollido tanto polas cámaras de NO-DO como de TVE. Das primeiras, saíría *Visita Real a Lugo*, dirixida por José López Clemente. Cun paso de banda de 35 mm e unha duración de dez minutos, esta reportaxe recolle a chegada dos reis a Lugo, en cuxa praza de San Domingos son recibidos polo alcalde, o presidente da Deputación e outras autoridades. Posteriormente, desprázanse ata o concello para saudar, dende o seu balcón, ao numeroso público congregado na praza Maior. O alcalde, D. Tomás Notario Vacas, pronuncia un discurso de benvida e imponlle ao monarca a Medalla de Ouro da Cidade e faille entrega do nomeamento de alcalde Honorario Perpetuo, actos que rematan cunhas palabras de D. Xoán Carlos.

Na catedral, os reis realizan a entrada baixo palio, precedidos do bispo da diócese monseñor Ona de Echave e do cabido catedralicio. Oran diante da capela da Virxe dos Ollos Grandes, patrona de Lugo, para despois dirixirse á Muralla, onde realizan un pequeno percorrido polo seu adarve.

Rematada a visita á capital da provincia, os monarcas trasládanse á Terra Chá, concretamente ao Arneiro, onde reciben o saúdo dos labregos congregados. O presidente da Cámara Sindical, D. Antonio Rosón Pérez, pronuncia un discurso no que se sinalan os principais problemas agrícolas de Galicia, discurso que é contestado por unhas palabras do rei.

Esta reportaxe de NO-DO hai que complementala con outras realizadas por TVE, emitidas fundamentalmente nos seus informativos, nas que se recolle tamén a presenza

<sup>78</sup> Este documental comeza cunha vista aérea da cidade de Lugo, centrándose despois na Muralla, na ponte Romana, nas Termas e en Santa Eulalia de Bóveda. A catedral é amplamente analizada, deténdose tamén no pazo Episcopal, no Museo Provincial de Lugo, na fábrica de Sargadelos, na praza Maior, Casa do Concello, praza do Campo, parque de Rosalía de Castro, Río Miño, Fonmiñá e encoro de Belesar. Da provincia amosa imaxes de Cervantes e os Ancares, sobre todo do castelo de Doiras e das pallozas de Piorredo, do Cebreiro, Portomarín, Samos, Monforte de Lemos, castelo de Pambre e Vilar de Donas (Palas de Rei), Vilalba, Mondoñedo (catedral e museo), Vilanova de Lourenzá, San Martiño de Mondoñedo (Foz), Ribadeo, Viveiro, San Cibrao e Foz, para rematar novamente en Lugo capital.

<sup>79</sup> Este documental foi emitido por TVE o 24 de outubro de 1974

de D. Xoán Carlos e D<sup>a</sup> Sofía na Escola de Artes Aplicadas e na Deputación de Lugo, así como a inauguración do monumento situado nas proximidades da porta de San Fernando da Muralla. Do ano anterior, concretamente do 27 de novembro de 1975, consérvanse nos arquivos de TVE imaxes dos actos celebrados en Lugo, así como no resto de Galicia, co gallo da proclamación dos reis.

A serie *Los ríos*, dirixida por Ramón Gómez Redondo para TVE, emite, o 20 de maio de 1976, un documental no que se destacan os aspectos xeográficos, culturais e económicos das terras bañadas polo Miño. Este capítulo, dedicado ao curso alto do pai dos ríos galegos, abrangue dendo o seu nacemento en Fonmiñá ata o seu paso por Chantada.

Un ano despois, o 22 de abril de 1977, a xa citada serie *Los ríos* dedícalle outro dos seus capítulos ao Ulla, que ten o seu nacemento na provincia de Lugo. Monterroso, o pazo de Salgado, Pambre, etc., son algunhas das vistas que nel figuran.

Dentro da serie de *Viejas tierras. Voces nuevas*, dirixida por Francisco Rioboo e José Luis Rodríguez, coa que se pretende presentar a realidade de cada provincia a través das opinións dos seus representantes nas Cortes, o 9 de decembro de 1977 TVE emite o programa correspondente á provincia de Lugo. Daquela, figuraban como parlamentarios lucenses Antonio Díaz Fuentes, Luis González Vázquez, José María Pardo Montero e Antonio Rosón Pérez.

“Pitos y Gaitas” é o título dun dos capítulos da serie *Raíces* dedicada a costumes e tradicións. Nel recóllese, entre outros temas, a entrevista a un profesor de muiñeiras de Ribadeo na que fala da Muiñeira de Xunqueira.<sup>80</sup>

En 1978 Eloy Lozano dirixe *Os oleiros*, producido por Ana Fernández Puentes, sobre os artesáns dedicados á elaboración de pezas de barro.

Manuel Fraga Iribarne foi obxecto de dúas amplas reportaxes que, baixo os títulos *La reforma imposible. Manuel Fraga* e *La reforma imposible. Rosas y Espinas*, se emitiron en marzo de 1978 dentro da serie *Ayer*. Con José Fernández Comerzana como director e guionista, nestes capítulos recóllese a vida deste vilalbés e da súa actividade política, dende os seus comezos con Ruíz Giménez ata o seu cesamento como Ministro de Información e Turismo.

Tino Grandío, pintor lucense de recoñecido prestixio e con obra no Museo Provincial de Lugo, foi obxecto dunha reportaxe para a serie *Pintores en el tiempo*, emitida por TVE o 10 de agosto de 1978. Dirixida por Mario Antolín, este capítulo comeza co enterro deste artista, falecido o 23 de abril de 1977, en Lousada. Tamén se amosan diversos planos da súa casa e da súa obra pictórica, así como da catedral de Lugo e do café Gijón de Madrid.

O documental conta tamén coas intervencións de Ana Frigola e Antonio Medina (que recitan poemas do propio Grandío, de Juan Delgado e de Uxío Novoneyra), dos irmáns do pintor, de Antonio Figueroa (en cuxa botica organizou unha exposición),

<sup>80</sup> O programa foi emitido por TVE o 7 de decembro de 1978



dos críticos de arte Santiago Castro, Pilar Rodríguez e Manuel Conde e, sobre todo, de Sandra, a modelo do Grandío.

Dirixido por José Luis Rodríguez Puértolas en 1979, *Tiempo de ilusión, tiempo de recuerdo* é unha reportaxe sobre a vida no medio rural.<sup>81</sup> Rodado en Villaescusa (Zamora) e Friol (Lugo), a parte dedicada a este concello lucense recolle as vicisitudes de Mercedes Rodríguez Vázquez, unha orfa de doce anos que, ademais de asistir todos os días á escola, coida dos seus irmáns pequenos, realiza as tarefas da casa e axuda ao seu pai a muxir as vacas.<sup>82</sup>

*Buenas noches* era un programa de despedida co que TVE, entre abril de 1978 e agosto de 1979, pechaba todos os días as súas emisións. Nun destes programas, concretamente o emitido o 4 de novembro de 1978, figura a *Danza de Ribadeo*.

A finais desta década, Carlos Varela Veiga (1945-1980)<sup>83</sup> realiza unha serie de documentais de temática social, entre os que destacan títulos como: *Manifestación en Viveiro* (1977), *Asemblea das Comisións Labregas* ou *Concentración labrega no pavillón de Lugo* (1977), *Manifestación pola Autonomía en Lugo* (1977), *Mitins en Xove* (1979), etc. Xa no ano 1980 dirixe *O 1º de maio en Lugo*.

## Os anos oitenta

Un dos programas de maior audiencia de TVE, xa que se emitía a toda hispanoamérica e aos Estados Unidos vía satélite, foi *300 millones*. Actuacións musicais, entrevistas e reportaxes constituían a base deste magazine dirixido por Gustavo Pérez Puig e presentado por José Domingo Castaño. No correspondente ao 4 de agosto de 1980, figura unha descrición sobre Lugo, con diversos planos da Muralla, da catedral, da fonte da praza do Campo, do claustro de San Francisco, da Virxe dos Ollos Grandes, da praza Maior e do concello.

Bonxe e Mondoñedo son as dúas localidades lucenses incluídas na serie de TVE *Cerámica Popular Española*, que tiña a Guillermo de la Cueva como guionista e director. O referido a Bonxe, importante centro oleiro no que aínda hoxe pervive esta

<sup>81</sup> “Tiempo de ilusión, tiempo de recuerdo” foi un capítulo do programa da TVE *Vivir cada día*, que se emitiu por esta cadea entre 1978 e 1988.

<sup>82</sup> Este programa foi emitido por TVE o 28 de marzo de 1979

<sup>83</sup> Carlos Varela Veiga é todo un exemplo de cinemasta militante. Nado en Lugo, estudou mestría industrial e Delineación naval. Dedicado profesionalmente ao ensino (foi profesor en diversos centros escolares da capital da provincia) ao tempo que colabora con diversos xornais (*El Correo Gallego*, *El Progreso* e *A Nosa Terra*). Foi presidente do Club Cultural Valle-Inclán, cine club creado no ano 1966, que contribúe a galeguizar e colaborou na organización das Xornadas de Cine de Ourense. En 1972 inicia a súa militancia na UPG e coa súa cámara de Súper 8 dedicase a filmar todos os actos da loita nacional popular galega, entre os que destacan, ademais dos títulos xa citados, a Constitución do Consello de Forzas Políticas Galegas (1976), as manifestacións das Encrobas, Baldaio, cabodanos de Moncho Reboiras, etc, actividades que o levan á fundación de “NÓS. Cinematográfica Galega.”

actividade, víu a luz na pequena pantalla o 5 de xullo de 1980, mentres que o referido a Mondoñedo, de once minutos de duración, emitiuse o 22 de setembro de 1981.

En 1982, José Andrés Alcalde<sup>84</sup> dirixe *Camino de Samos*, filme de 250 metros sobre este importante cenobio beneditino situado na ruta xacobea e no que viviu o Padre Feijóo e, posteriormente, *Por tierras de Lugo*, película de dez minutos de duración sobre a capital e as principais vilas da nosa provincia.<sup>85</sup> Do mesmo ano é tamén *Fin del camino*, que inclúe imaxes de Sarria e Portomarín.

César Fernández-Ardavín Ruíz, autor na década dos sesenta de dous documentais sobre o Camiño de Santiago<sup>86</sup>, realiza en 1983 dúas películas sobre Sargadelos. A primeira, está dedicada aos restos da primitiva fábrica, fundada por Antonio Raimundo Ibáñez a finais do século XVIII, mentres que a segunda, céntrase na creada por Isaac Díaz Pardo a comezos dos anos setenta.<sup>87</sup>

O escritor Álvaro Cunqueiro foi obxecto dunha ampla reportaxe por parte de TVE o 11 de maio de 1984, baixo o título *Álvaro Cunqueiro. Unha lectura mágica de Galicia*. Realizada en cor e cunha duración de 50 minutos, estaba dirixida por José Luis Calvo Teixeira e nela interveñen Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell, Carmiña e Pepe Cunqueiro, irmáns do escritor mindoniense.

A reportaxe comeza cunha semblanza biográfica e literaria de Cunqueiro, con lecturas de poemas do biografado en *off* acompañada de imaxes. Os exteriores están filmados fundamentalmente en Vigo, Mondoñedo e Lugo, cidades coas que mantivo unha estreita relación. Desta última inclúense planos de cruceiros, da Alameda e do paseo da Muralla, así como outros de xente andando polas rúas ou sentadas nos bancos da praza Maior.

No segundo programa de Arquitectura Popular en Galicia, dirixido en 1984 por Julio Sánchez Andrada para a serie de TVE *Artes y Tradiciones Populares*, dedicado aos materiais empregados, localizamos varios planos dun oleiro de Bonxe modelando no torno.<sup>88</sup>

Dende o comezo da súa programación regular o 29 de setembro de 1985 (o inicio das emisións foi o 24 de xullo), a Televisión de Galicia dedicou diversas reportaxes á

<sup>84</sup> En 1980 José Andrés Alcalde realiza *Por el río Miño*, documental sobre este río galego e as localidades por onde pasa.

<sup>85</sup> Desta película existe copia na Filmoteca Nacional

<sup>86</sup> De Roncesvalles a *Puente de la Reina* e *Hacia Santiago*. César Fernández-Ardavín Ruíz (1923) comeza a súa actividade cinematográfica como axudante de dirección do seu tío, o realizador Eusebio Fernández Ardavín e, despois dun tempo como guionista, dirixe a súa primeira longametraxe en 1952: *La llamada de África*, á que lle seguen *¿Crimen imposible?* (1954), *La puerta abierta* (1956) e *Y eligió el infierno* (1957). En 1959, coa adaptación de *El lazarrillo de Tormes*, consegue o Oso de Ouro do Festival de Berlín. Despois de varios títulos menos relevantes, *Festival* (1960), *Cerca de las estrellas* (1961) e *La frontera de Dios* (1963), acadou un novo éxito con *La Celestina* (1969). Entre os seus últimos títulos están *Hembra* (1970), *No matarás* (1974) e *Dª Perfecta* (1977). Paralelamente a súa actividade como director de longametraxes, Fernández-Ardavín crea a produtora *Aro Films*, para a que escribe e dirixe documentais de tipo turístico entre os que se atopan os que acabamos de citar.

<sup>87</sup> Destes documentais existe copia na Filmoteca Nacional

<sup>88</sup> Este programa foi emitido por TVE o 20 de outubro de 1984



cidade de Lugo e a diversos concellos da provincia. Como facer unha relación exhaustiva destas, coa súa correspondente ficha técnica e as datas de emisión, superaría o con moito os límites deste artigo (aínda que non descartamos un monográfico con toda esta información) polo só queremos deixar constancia deste medio e destacar algunhas delas ao longo destas páxinas.

Promovida por Xulio Xiz e Carlos Rodríguez, en 1986 nace OPHIUSA, empresa audiovisual lucense especializada en vídeos sobre temas culturais, turísticos e educativos. Pioneira en Galicia na edición de vídeos-libro, esta produtora realiza dende a súa creación un bo número de traballos sobre diversos aspectos de Galicia, especialmente da provincia de Lugo, entre os que chaman a atención os seus documentais referidos tanto a personaxes ilustres de todos os tempos (*O marqués de Sargadelos*, *Ramón Otero Pedrayo*, *Luis Seoane*, *Rosalía de Castro*, etc.) como aqueles centrados en concellos galegos (*Compostela, capital de occidente*, *A Coruña*, *Ourense, la ciudad del oro*, *Pontevedra, boa vila*, etc.) monumentos (*El monasterio de Samos*) ou temas etnográficos (*Instrumentos musicais*, *O baile tradicional*, etc.).

Producida por TVE en 1986, *Música sola* é o título dun documental sobre costumes e tradicións no que se inclúen varios planos de Fonfría onde Herminio, un dos cinco veciños que viven nesta aldea, se dedica á construción de birimbaos.

Un ano despois, concretamente o 5 de decembro de 1987, TVE emite, dentro da serie *El bosque sagrado*, un programa titulado *Herminio de Fonfría*, reportaxe ambientado nesta localidade e no que un grupo de catro veciños contan feitos da vida e da morte, de aparecidos, medos, males e curacións. Herminio é o eixo da conversa e, mentres constrúe un arpa de boca, a súa dona canta.

*A lenda da lagoa de Cospeito* (1987) é un dos primeiros traballos de Ophiusa. Con guión e voz de Xulio Xiz, este documental en galego de 18 minutos de duración, ten por cámara a Carlos Rodríguez, mentres que a montaxe e o son corre a cargo de Francisco Nieto. Do mesmo ano é *O capón de Vilalba e Portomarín, viejo camino*, os dous realizados polo mesmo equipo técnico.<sup>89</sup> En *Feira de Santos en Monterroso* reflíctese o mundo das feiras tradicionais galegas tomando como base a que cada 1 de novembro se celebra neste concello lucense da Ulloa no que foi rodada integramente en 1988. A este mesmo período pertencen *Na procura do Santo Grial*, *Monasterio de Samos* e *Antonio Raimundo Ibáñez*, Marqués de Sargadelos, todas elas de 1989.<sup>90</sup>

Un percorrido por parte das provincias de Ourense e Lugo é o que nos ofrece o documental do mesmo título realizado para a serie *Revista de Viajes*.<sup>91</sup> Dirixido por Dolores Trueba, a viaxe comeza, no que á provincia de Lugo respecta, na serra do Courel, amosándose casas de pedra con paredes redondeadas, sen recantos, restos de

<sup>89</sup> *O capón de Vilalba* ten unha duración de 17 minutos, mentres que a de *Portomarín, viejo camino* é de 37

<sup>90</sup> A primeira, de 15 minutos de duración, está centrada na igrexa do Cebreiro, mentres que *Monasterio de Samos*, con guión de Pedro de la Portilla, dura 47 minutos. *Antonio Raimundo Ibáñez...*, con guión de Adolfo de Abel Vilela, narra a apaixonante traxectoria vital do Marqués de Sargadelos, coa inclusión de imaxes dos Oscos, Ribadeo, Vegadeo e Sargadelos, así como tamén de Isaac Díaz Pardo.

<sup>91</sup> Este capítulo foi emitido por TVE o 12 de xullo de 1987

albarizas, unha igrexa con formas prerrománicas e pallozas, ademais de incluír outros planos de bosques, prados, ríos, cascadas, etc.

En 1988, José Fernández Comerzana desenvolve dous documentais para a serie *Ayer*, produción do Centro Territorial da TVE en Galicia. Con títulos tirados do Himno Galego (*El sueño de Breogán* e *Despierta de tu sueño*) trátase de dúas partes dun mesmo proxecto que, segundo García Fernández, están a cabalo entre o documental e a reportaxe. O primeiro, cunha duración de 50 minutos, ten por director a Manuel Lombao e nel faise un repaso da historia e outros aspectos sociais e económicos de Galicia dende o período megalítico ata o século XIX. A razón da súa inclusión nesta relación é que algúns dos exteriores está realizado en Monforte de Lemos. No segundo, tamén dirixido por Lombao, abórdanse temas da historia, da cultura e da economía galega dos séculos XIX e XX, como poden ser a emigración, as Irmandades da Fala, o Estatuto Galego, o Seminario de Estudos Galegos, Galaxia, etc.; localizándose algún dos exteriores en Sargadelos e Monforte.

*Lugo, pedra e corazón* (1988), de Xulio Xiz e Carlos Rodríguez Arias, é a crónica desta cidade a partir dos poemas de *A Fraga amurallada* de Darío Xohán Cabana. *Alfarería de basto: La cochura e Alfarería de basto: Acabados*, constitúen respectivamente a primeira e cuarta parte dunha reportaxe sobre cerámica popular españoła realizado por TVE para a serie *Artes y Tradiciones Populares* á que xa fixemos referencia. Emitidos en agosto de 1989, no primeiro podemos ver os fornos unicameriais dos oleiros de Gundivós, mentres que no segundo aparecen diversos planos dun oleiro de Bonxe aplicándolles engobe a pezas no torno.

Na terceira etapa de *A vista de pájaro*, serie realizada con vistas aéreas de diversas localidades e paisaxes da xeografía española, un dos seus capítulos estaba dedicado á provincia de Lugo. Baixo o título *Lugo, el bórreo junto al castillo y un barco a lo lejos*,<sup>92</sup> neste documental podemos contemplar vistas de S. Xulián de Samos, do encoro de Belesar e as ruínas do vello Portomarín, do Cebreiro e as súas pallozas, do Castelo de Doiras, da Serra dos Ancares, do Castelo de Pambre, así como de Ribadeo, Viveiro, Foz, Fazouro, Sargadelos, Mondoñedo, Barbadelo, Palas de Rei, Monterroso, Monforte de Lemos e Lugo.

## A década dos noventa

En 1991 José Antonio Ramos Terrados realiza *La Ribeira Sacra*, filme sobre esta comarca que se estende por terras das provincias de Lugo e Ourense e do que se conserva unha copia na Filmoteca Nacional.

*Álvaro Cunqueiro, os días do fabulador* (1991) é unha docuserie de cinco capítulos sobre este escritor mindoniense dirixida por Carlos Amil Serantes sobre un guión de Claudio Rodríguez Fer.

<sup>92</sup> Eduardo Delgado foi o responsable do guión e a dirección, encargándose Ángel del Pozo da realización. Foi emitido por TVE o 22 de xaneiro de 1989.

Á cuarta parte de *A vista de pájaro* pertence o capítulo “*Rías Altas*”,<sup>93</sup> emitido por TVE o 20 de abril de 1991. Neste documental recóllense, no que á provincia de Lugo respecta, imaxes de Viveiro (da ría, da ponte da Misericordia, de casas acristaladas, das igrexas de San Francisco, de San Pedro e de Santa María, da praza Maior e da porta de Carlos V), de Foz (planos dos areais e de mariscadoras), de Ribadeo (do monumento ao Gaiteiro, do ambiente pesqueiro, dos acantilados, etc.).

Un percorrido e descrición do Camiño de Santiago por terras de León e Galicia é o que se nos ofrece en *El país del sol poniente*.<sup>94</sup> Neste documental, realizado por Alejandro Cribeiro en 1993, podemos contemplar as pallozas e o templo de Sta. María a Real do Cebreiro, o castelo e convento da Magdalena de Sarria e as igrexas de Barbadelo, San Nicolás e San Pedro (estas últimas en Portomarín). De Lugo figuran planos do parque de Rosalía de Castro, da Muralla e da catedral, ademais de diversas vistas de rúas, hórreos e cruceiros de Palas de Rei e do castelo do Pambre.

Os Ancares e o Courel, así como tamén as Fragas do Eume, son algúns dos escenarios nos que se desenvolve *O bosque caducifolio* (1993), de Lalo F. Mayo.

A *Illa Coelleira* é un documental de 23 minutos de duración sobre esta illa que se atopa nas costas da provincia de Lugo. Dirixido por Mateo Meléndez Chás en 1994, conta coas intervencións de Manuel Manquiña, Lucía Martínez, Alfredo J. Veiga e Guillermo del Río.

Á década dos noventa pertencen, entre outras, as seguintes producións de Ophiusa: *Luis Pimentel, máis alá da néboa* (1990), *Xosé María Díaz Castro, nimbos de poesía* (1991), *O tesouro de Antas de Ulla* (1993), *Xosé Trapero Pardo, o primeiro lucense* (1992), *Paisaxes do Miño* (1993), *Lugo, ciudad bimilenaria* (1993), *As paisaxes da montaña* (1994), *O mundo de Fiz* (1995), *Manuel María da Terra Chá* (1995). En case todas elas Xulio Xiz aparece como guionista, encargándose Carlos Rodríguez da produción.<sup>95</sup>

O Instituto de Formación Profesional de Ribadeo é obxecto dunha reportaxe co gallo da súa designación, por parte da Consellería de Cultura, como centro piloto na implantación do programa experimental de novos medios informáticos e audiovisuais. Emitida baixo o título *Vídeo y cultura* na segunda cadea de TVE o 17 de xuño de 1996, nel participan varios profesores do centro, cuxas intervencións son intercaladas con planos do mar, a ponte sobre a ría, o porto, a Torre dos Moreno e do devandito centro.

De 1997 é unha ampla reportaxe de TVE titulada *Mondoñedo existe*. Con Perla Martens como realizadora, esta reportaxe (dividida en dúas partes de 26 e 24 minutos respectivamente de duración) é un achegamento a esta vila da Mariña Lucense, ás súas lendas e ao seu escritor por excelencia: Álvaro Cunqueiro. Na primeira parte,

ademais de diversos planos de Mondoñedo, interveñen Cunqueiro, Manuel Montero, Alicia e Juan Puchades, así como os veciños Gilberto e Urcesino.

Na segundo capítulo, trátase de definir esta vila a través da elementos tan significativos como a barbería, a botica, a paisaxe, o museo e o cemiterio. Ao longo do documental vanse narrando algunhas das historias escritas por Cunqueiro (como a do Montero de Rubias ou a do curandeiro que falaba cos animais), xunto coas intervencións de Germán Palacios, Remedios Ledo (filla do barbeiro *O Pallarego*), Santos San Cristóbal Sebastián, Carlos Folgueira (fillo do Rei das Tartas), o impresor Fernando López e o propio Cunqueiro, quen lle dá lectura a un párrafo dunha das súas obras sobre a verdade e a mentira, mentres aparecen imaxes de aspectos paisaxísticos e monumentais de Mondoñedo.

*España de norte a sur* foi unha serie de TVE que, en 1997, emite un programa titulado *Cuna de Cardenales*, nova reportaxe sobre a localidade de Mondoñedo na que se destacan aspectos biográficos de Monseñor Antonio María Rouco Varela (ao que se lle fai unha entrevista co gallo do seu nomeamento como cardeal) e dos cardenais Benjamín de Arriba y Castro e Fernando Quiroga Palacios, cuxas vidas converxen nesta vila.

A ampliación do Museo Provincial de Lugo vai ser obxecto dunha reportaxe da TVG con motivo da súa inauguración polos Duques de Lugo o 16 de xaneiro de 1997. Esta institución xa aparecera no programa *A conta atrás* (emitido en marzo de 1993) e e noutro de *Galicia enteira* dedicado a Lugo (emitido en setembro de 1994).

Tamén a *Mariña Lucense* figura nunha reportaxe realizada no ano 1997 para o programa da TVG *Descúbreme*. Bares, O Barqueiro, O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Barreiros, Ribadeo, Vilanova de Lourenzá e Mondoñedo son algúns dos concellos que aparecen nas imaxes, nas que se amosan os seus principais monumentos e atractivos turísticos.

En 1998, Emilio Mamso Fernández e Andrés Fernández-Gil realizan *Arquitectura popular na Ribeira Sacra*, documental de 45 minutos no que se recollen algúns aspectos arquitectónicos (cubertas, ocos de fachada, recantos e linteis, chemineas, escaleras, tipoloxías de fiestras, etc.) característicos desta comarca.

De 1998 é o programa da TVG *Santiago-Lugo-A Coruña*, no que se recollen imaxes da ponte sobre o Miño, as Murallas, a catedral, o concello, os xardíns da praza Maior e o ambiente das rúas da capital lucense, así como outras da zona rural.

En 1999, Antonio Ramos Rodríguez dirixe “*El Pueblo*”, capítulo da serie *Un camino en las estrellas*, no que se fala do papel do pobo na sociedade medieval e a súa influencia e impronta na difusión do Camiño de Santiago. Ao longo do mesmo, intercálanse as intervencións de José Luis Martín Rodríguez, catedrático da UNED, que comenta as características da sociedade medieval.

Conforman tamén o documental diversas secuencias de películas ambientadas na Idade Media, así como ilustracións de códigos medievais. Pero para o caso que nos ocupa, o máis salientable de *El Pueblo* son as imaxes referidas á provincia de Lugo entre as que figuran o conxunto arquitectónico do Cebreiro, con planos xerais e de detalle do

<sup>93</sup> Este documental estaba dirixido por Eduardo Delgado

<sup>94</sup> Foi emitido por TVE o 1 de xullo de 1993

<sup>95</sup> *Luis Pimentel...*, de 32 minutos de duración, estaba baseado nun traballo de Claudio Rodríguez Fer, correndo a banda sonora a cargo de A Quenlla. En *Xosé María Díaz Castro ... a montaxe é de Francisco Nieto*.

templo de Sta. María a Real e da igrexa de Triacastela, a paisaxe do contorno da capela do Ciprés e do mosteiro de Samos, con planos curtos do claustro das Nereidas, da portada románica e do claustro maior barroco. Sarria está representada polas igrexas do Salvador e de Barbado e o convento da Magdalena, mentres que de Portomarín amósase a súa ponte sobre o río Miño e as fachadas de San Nicolás e San Pedro. Poñen fin a este capítulo as igrexas de Santa María de Marza (Palas de Rei) e Leboreiro (Melide), das que se ofrecen planos da decoración interior, da ábsida e das súas pinturas.

Tamén de 1999 é *A palabra no tempo*, serie documental dirixida, producida e con guiño de Helena Villares Gallardo e Pilar Pérez Faxil. Consta de sete capítulos nos que se recollen narracións orais de diverso tipo (lendas, contos, etc.) en transo de desaparición co obxecto de garantir a súa transmisión e asegurar así a continuidade destes relatos. O primeiro capítulo desta serie, que contou co asesoramento de Marcial Gondar, está localizado en Becerreá, Baralla, Navia de Suarna, Cervantes, As Nogais e Pedrafitas do Cebreiro; mentres que o segundo se desenvolve na comarca dos Ancares e o sétimo en Terras de Miranda.

## O novo século

A sección *Rutas* de *El escarabajo verde*, programa emitido pola Segunda Cadea o 1 de xuño de 2000, estaba dedicado á Serra do Courel. Nesta reportaxe, faise un percorrido por este macizo montañoso ata chegar á devesa da Rogueira. José Luis Jamiro e Juan Pablo Moreiras, acompañan ao equipo do programa na visita, amosando a aula da natureza de Moreda e a flora e fauna da zona. As fontes ferruginosa e caliza da Rogueira son obxecto dunha especial atención, poñendo fin á reportaxe unha posta de sol.

No ano 2000, Mondoñedo vai ser obxecto doutro documental para a serie de TVE *Los Pueblos. España a ras de suelo*.<sup>96</sup> Coa pretensión de realizar un achegamento a esta vila, a través de determinados trazos culturais, xeográficos, históricos e tradicionais que a caracterizan, esta reportaxe ofrece vistas de paisaxes e do interior da cova do Rei Cintolo, así como da catedral, con especial atención ao seu claustro, órgano, pinturas, retablos e museo. Varios planos do ambiente das rúas nos achegan á librería-museo de Manuel Montero e da confitería do Rei das Tartas. Completan o itinerario monumental o pazo Episcopal, os conventos das Concepcionistas e dos Picos, o santuario dos Remedios, o hospital de San Pablo e San Lázaro, a ponte do Pasatempo, o pazo de Sto. Tomé e o cemiterio, onde se atopan as sepulturas dos escritores Manuel Leiras Pulpeiro e Álvaro Cunqueiro, fillos desta vila. O traballo no torno dun oleiro e das súas axudantas decorando as pezas e un curro para as San Lucas, poñen o final a este documental.

<sup>96</sup> Dirixido por Eduardo Delgado, este capítulo emitiuse na Segunda Cadea o 20 de decembro de 2000

Destinado á serie *Días de vino, Valdeorras y la Ribera Sacra*<sup>97</sup> pretende ser algo máis cunha reportaxe de carácter vitivinícola sobre as variedades de mencia e godello. Dicimos isto porque este programa propón, ademais de saborear os caldos referenciados, desfrutar, no que á Ribeira Sacra se refire, dos mosteiros e das riquezas das súas paisaxes, nas que ocupan un lugar destacado os viñedos asentados en terrazas que, en ocasións, chegan a ter pendentes de máis de 300 metros de altura.

*Recuerdos del peregrino* é un curioso documental dramatizado do Camiño de Santiago dende o punto de vista ecolóxico, no que se amosan os animais que habitan nos grandes ecosistemas españois atravesados pola histórica ruta. A voz en *off* dun veterano peregrino describe aspectos naturais por el observados nas súas repetidas viaxes por este camiño dende os Pirineos navarros ata Galicia, pasando pola Rioxsa, Castela e León. No que a Lugo se refire, figuran planos das montañas do Courel e dos Ancares, lugares nos que habitaba o urogallo.

Na primeira parte de *Arquitectura del Camino de Santiago en Galicia*,<sup>98</sup> que para a serie *Espacios Arquitectónicos* dirixe Carlos Fernández Alonso, realízase un percorrido pola arquitectura relixiosa, civil e popular da ruta xacobeá dende Pedrafitas a Sarria. Nela aparecen reflectidas as pallozas e o templo de Santa María a Real do Cebreiro, as igrexas de Liñares, do hospital da Condesa, do Padornelo e de Fonfría, así como as capelas de Biduedo e Pasantes e as casas da aldea de Ramil. A parroquial e a casa Pedreira (antigo hospital) son os exemplos escollidos de Triacastela, ademais das casas e templo de San Cristovo e San Martiño do Real e da Casa-forte de Lusío.

De Samos, a capela do Ciprés e o mosteiro beneditino, mentres que Sarria está representada polo seu núcleo antigo, a igrexa do Salvador, a Torre dos Batallóns, o mosteiro dos Mercedarios e a ponte medieval de Áspera sobre o río Celeiro.

Na segunda parte, o percorrido comeza en Barbado (Sarria), destacando a súa igrexa e as casas de Torriente, Morgade e os conxuntos de Marcadoiro e Moudras. A igrexa de San Nicolás e a aldea de Gonzar, así como a parroquial de Castromaior, constitúen os exemplos máis significativos de Portomarín, aos que hai que engadirles o cruceiro barroco de Lameiras. Do concello de Monterroso figura a Casa do Carneiro en Ligonde, mentres que de Palas de Rei recóllese a igrexa de Vilar de Donas, un cabaceiro, cruceiro e casa con cheminea de S. Xulián do Camiño.

O programa *Reporteiros* da TVG realiza no ano 2001, baixo o título *A vixía permanente*, unha reportaxe sobre os dazasete séculos de historia da Muralla de Lugo con motivo da inminente declaración deste monumento como Patrimonio da Humanidade. A tradición da rapa das bestas de Santo Tomé (O Valadouro) aparece reflectida en *Bestas* (2001), de José Luis Ledo Andión.

De *Lugo a Guitiriz* é o título dun capítulo de 17,05 minutos de duración do programa *Viaxar* da TVG, emitido o 26 de febreiro de 2001, no que aparecen imaxes de

<sup>97</sup> Aínda que producido no ano 2000, a súa emisión pola Segunda Cadea tivo lugar o 30 de xaneiro de 2001

<sup>98</sup> Estes programas foron producidos no 2000, se ben a emisión da primeira parte tivo lugar no Canal Europa o 23 de outubro de 2001, e o da segunda polo Canal América o 19 de novembro de 2001.

Lugo (igreja románica de Santiago de Meilán, cruceiro de Bocamaos), Outeiro de Rei (igreja de Robra, campo de Santa Isabel, Penas de Rodas e Bonxe), Begonte (igreja de Santiago de Baamonde, castiñeiro traballado por Víctor Corral, etc.) e Guitiriz (capela de San Alberte, Santuario de Bascuas coa cruz de pedra, balneario, igrexa neorrománica, etc.)

De iguais características é de *Lugo a Meira*, tamén do mesmo ano, no que aparecen a Muralla de Lugo, os lagos de Teixeiro, o pazo de Sistallo, o aeródromo de Rozas, o castro de Viladonga e o nacemento do río Miño, así como unha entrevista a Felipe Arias Vilas.

*Álvaro Cunqueiro 1911-1981* é un novo documental en cor e cunha duración de 40 minutos sobre este escritor mindoniense. Dirixido por Malena Orgales, que tamén se encarga do guión, e producido por Servicios Audiovisuais Galegos, foi emitido pola Segunda cadea da TVE o 28 de febreiro e o 8 de decembro do ano 2001.<sup>99</sup>

*Homes de barro* (2001) é o título dunha longametraxe documental sobre os oleiros de Gundivós (Sober) realizada por Héctor Diéguez González.

Un fermoso conxunto de lugares deshabitados podémolo ver en *A recuperación do rural. Caurel*, realizado por Paco Cuesta no ano 2002. Cunha duración de 28 minutos, foi producido por Luis Pablo Román, encargándose Fernando Dans da fotografía. Esta zona da montaña luguesa vai ser tamén escenario de *O tempo da castaña*, curtametraxe de tipo etnográfico sobre o castiñeiro e a súa repercusión social, realizada no 2001 por José A. Sanmartín. Tamén se desenvolve nunha aldea do Courel a reportaxe *O tempo das bullas* (2005), obra de Chus Dominguez.

*Diócese de Lugo* (2004), con guión e dirección de José Manuel Castro Alba, e *Os reis vellos do Cebreiro* (2001), con Ana Isabel Rodríguez e Carlos Rodríguez como cámaras e Carmen López Meilán como montadora son algunhas das producións realizadas por Ophiusa na primeira década do século XXI, nas que tamén participa Xulio Xiz.

Sillán (As Nogais), Pena da Seara (Pedrafita), Coruxedo e Vilarantón (Navia de Suarna) e o Castro de Viladonga (Castro de Rei) son algúns dos lugares que aparecen en *Tierra fin de ciclo* (2004), de Ovidio Fernández Sánchez, sobre a desintegración do mundo rural galego.

Ramiro Ledo Cordeiro realiza no 2005 *Cineclubes Carlos Varela*, documental no que, segundo o seu director, se recupera “unha figura do noso cinema que ficou silenciada durante décadas.”<sup>100</sup>

O poeta chairego por excelencia Manuel María é obxecto da produción *Manuel María: fala e terra dende a miña terra*,<sup>101</sup> realizada no ano 2005 por Margarita Ledo, documentalista centrada na recuperación da memoria histórica. Dous anos despois,

esta realizadora grava unha longametraxe documental titulada *Liste, pronunciado Lister*,<sup>102</sup> localizando parte dos exteriores nos concellos de Castro de Rei e Palas de Rei.

Tamén de 2006 é o docudrama *Bandoleiros ou guerrilleiros*, dirixido por José Antonio Sanmartín e promovido por Producións SP de Vigo, no que se trata de ofrecer unha visión do que foi a guerrilla antifranquista tanto na provincial de Lugo como en Galicia. Algúns dos exteriores deste filme foron rodados en Chantada e no vello hospital de Lugo.

Obra de Marcos Gallego Fernández é *A vendima de Budían* (2005), lugar do concello de Ferreira de Pantón.

Iago Mazoy Fernández, director e guionista de diversas documentais producidas por *El Progreso*, é tamén o autor de *Bal y Gay: serenata final* (2005), longametraxe biográfica deste musicólogo lucense.

En 1974 *O Garabelo* dálles morte a catro persoas por estar talando uns carballos que consideraba da súa propiedade. A reconstrución deste asasinato múltiple é o tema dunha curtametraxe documental con este título realizada no ano 2006 por José Luis Ledo Andión.

Documental informativo sobre a canteira da Campa é *Unha lousa sobre o Courel*, dirixido no ano 2007 por Henrique Banet López de Rego.

*O Mariscal, mito, lenda e realidade* (2007) é o título dun documental de 45 minutos de duración sobre a figura de Pardo de Cela. Realizado por Damián Varela Pastana, foi rodado en Alfoz, Lugo, Mondoñedo e Palas de Rei entre outros lugares.

Todo o proceso de transformación da pedra calcaria aparece en *Cal viva, cal morta* (2007), documental de tipo etnográfico localizado na parroquia de Masma (Foz) con guión e dirección de Duarte Fernández Vidal.

De Xan Pérez Leira é *Lembranzas e reflexións de Isaac Díaz Pardo*, curtametraxe de 25 minutos de duración no que se fai un percorrido pola vida deste polifacético intelectual galego.

O programa *Natureza* da TVG dedicarlle varios capítulos á provincial de Lugo: Lagoa de Lucenza no Courel, A Marronda, Os Ancares, A costa da Mariña occidental, o río Landro, Cruzul-Agüeira, o Canón do Sil, o río Ouro, etc.

A situación lingüística de Burela en relación ao galego é o tema do documental *Modelo Burela*, realizado polo rapaz Matías Nicieza no ano 2008.

*Eloxio da distancia* é un documental sobre a vida nas terras do Burón (A Fonsagrada) que para Filmax dirixen Felipe Veiga e Julio Llamazares no 2008. A obra pretende retratar, a través das catro estacións, os usos e costumes dunha zona rural como a montaña lucense.

Tamén esta zona da montaña luguesa acolle neste ano a rodaxe de *Memorias rotas*, un documental sobre o Batallón Galicia e o comandante Moreno, que abrangue dende

<sup>99</sup> Julio Ferreiro, Raúl López e Marcos Gallego foron os encargados da imaxe, mentres que a montaxe correu a cargo de Borja Brun.

<sup>100</sup> Este documental que ordea as filmacións de Carlos Varela Veiga, estrouse en Lugo o 19 de agosto de 2005.

<sup>101</sup> No que respecta á provincia de Lugo, este documental foi rodado en Castro de Rei, Outeiro de Rei, Castro de Viladonga e Lugo.

<sup>102</sup> Producido por Nós, cinematográfica galega e TVG



o momento en que os seus integrantes abandonan A Coruña ata que os últimos membros son asasinados nas inmediacións do Alto do Acevo cando fuxían do fronte asturiano. Dirixido por Maname Rodríguez e producido por Xamalu Filmes da Coruña, este documental contou co asesoramento da historiadora Carmen García Rodeja, que tamén forma parte da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica.

*El camino y su gente* é un documental realizado en xuño de 2009 para a televisión pública estadounidense, no que se recolle a experiencia de once peregrinos ao seu paso por Vigo (Sarria).

*Lembranzas da infancia. Recordos da escola* recolle un proxecto sobre a emigración galega abordado dende o legado cultural e educativo que supuxo este fenómeno, grazas ás inquedanzas e recursos económicos de aqueles que tiveron que embarcarse para América. Dirixido no ano 2010 polo lucense Daniel Vázquez Vila, esta obra, promovida pola produtora Imaxina e subvencionada pola Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), conta con recreacións históricas que foron gravadas en Santaballa (Vilalba) e nas que participaron máis de noventa veciños deste concello, metidos a figurantes para a ocasión.

*Pacios, as fotos da memoria*, de Manuel Darriba, recolle o traballo do fotógrafo sarriano Antonio López Losada, quen retratou aos veciños de Pacios (O Incio) valéndose dunha cámara antiga.

Entre as últimas achegas do cine documental da provincia de Lugo temos que destacar *A Chocolateira*, con guión e dirección de Xosé Reigosa, filme cunha duración de 50 minutos que recolle a historia do ferrocarril que funcionou entre A Pontenova e Ribadeo, dende 1903 a 1964, e que tiña un percorrido de 34 km.

## Epílogo

Como xa dixemos no resumo inicial, non pretendemos facer neste artigo un inventario completo e exhaustivo de todos aqueles documentais que existen sobre Lugo e a súa provincia, así como tampouco un comentario polo miúdo deles. Somos conscientes de que os límites desta publicación non dan para máis e quizáis, algún día, abordemos esta empresa con máis dedicación e extensión do que agora fixemos. De momento, e como adianto, vaia esta aproximación á historia do documental lucense.

## Bibliografía

- ACUÑA, Xosé Enrique. *Da historia do cine en Pontevedra 1897-1936*. Vigo: Edicións A Nosa Terra, 1996.
- ARRIBAS ARIAS, Fernando. “O cinematógrafo comeza a súa historia en Lugo como unha atracción máis das festas de San Froilán” en *La Voz de Galicia*, 4 de outubro de 1985.
- ARRIBAS ARIAS, Fernando. “O espectáculo cinematográfico na comarca chairaga”, en *El Progreso*, 18 de agosto de 1991.
- ARRIBAS ARIAS, Fernando. “José Gil, pioneiro da cinematografía galega, en Lugo”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, tomo V, 1992. páxs. 135-143.
- ARRIBAS ARIAS, Fernando. “O cinematógrafo en Lugo no século XIX”, en *El Progreso*, 25 de outubro de 1992 e 8 de novembro de 1992.
- ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cine en Lugo 1897-1977. Notas para unha historia cinematográfica*. Vigo: Xerais, 1996.
- ARRIBAS ARIAS, Fernando. *O cinematógrafo nas festas de San Froilán de Lugo (1898-1930)*. Lugo: Excmo Concello de Lugo (Concellería de Cultura e Turismo), 2006.
- ARRIBAS ARIAS, Fernando. “Aqueles maravillosos cinematógrafos”, en *Trasluz-Lukus*, número 9 (2011), páxs. 43-54.
- CASTRO DE PAZ, J. L. (Coordinador). *Historia do Cine en Galicia*. A Coruña: Vía Láctea Editorial, 1996.
- CABO VILLAVERDE, José Luis; Coira Nieto, José Antonio; Pena Pérez, Jaime (Coordinadores). *Diccionario do cine en Galicia (1896-2000)*. A Coruña: Xunta de Galicia/Centro Galego de Artes da Imaxe, 2001.
- Consello da Cultura Galega. Comisión Técnica de cinematografía e artes visuais. *O libro blanco da cinematografía e artes visuais*. Consello da Cultura Galega, 2004.
- CURIEL FERNÁNDEZ, Manuel. *Un Lugo de cine*. Lugo: Grafic-Lugo, S. L., 2008.
- FOLGAR DE LA CALLE, José M.<sup>a</sup> *El espectáculo cinematográfico en Galicia (1896-1920)*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1987.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio Carlos. *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*. A Coruña: La Voz de Galicia, 1985.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio Carlos. *Diccionario Filmográfico de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura, 1993.
- GONZÁLEZ, Manuel. *Documentos para a historia do cine en Galicia. 1970-1990*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Xuventude, 1992.
- LÓPEZ CRESPO, Santiago-Antonio. “Los espectáculos ópticos y parateatrales en el Lugo finisecular (1890-1915)”, en *I Premio de Investigación Manuel Vázquez Seijas*. Lugo: Deputación Provincial/Museo Provincial de Lugo, 2004. páxs.13-101.
- NOGUEIRA, Xosé. *O cine en Galicia*. Vigo: Edicións A Nosa Terra. 1997.
- PENA PÉREZ, Jaime e Castro de Paz, J.L. *La Coruña y el cine. 100 años de historia (1936-1995)*. V. II. A Coruña. Vía Láctea Ed., 1995.
- VÁZQUEZ TORRÓN, Segio [coordinador]: *Audiovisual galego*. Xunta de Galicia, 2003.